

Os concellos inician a licitación de diferentes obras a cargo do Plan Único

Aproveitando a chegada do bo tempo, os concellos inician os procesos de contratación das diferentes obras que se realizarán con cargo ao Plan Único da Deputación, que foi aprobado a finais de marzo cunha contía de 21,5 millóns e que coas aportacións dos concellos chegará ata os 24 millóns. Así, o 70% dos fondos destínanse a 332 obras e subministracións que teñen como finalidade mellorar e acondicionar estradas, pistas e camiños ou pavimentación. Ademais, a institución provincial creará preto de 300 postos de traballo a través dunha das liñas máis importantes do plan.

Relaxación de medidas

A desaparición do estado da alarma impulsa a celebración das citas culturais da comarca, como a Romaxe Artesá da Chaira, que será o 22 en Muras



Galicia deixa atrás o estado de alarma e con el o toque de queda e o peche perimetral polo que xa se pode entrar ou saír da comunidade sen ningún tipo de restrición. Con esta nova normalidade a hostalaría ten un novo respiro coa ampliación de horarios, e recupéranse moitas actividades deportivas como os campus multideporte, ou as feiras e mercados. En base a estas novas normas, os concellos comezan a preparar a tempada estival aplicando as normas de aforo reducido pero recuperando citas anuais, como a Romaxe Artesá da Chaira de Muras, a primeira cita post-covid.

vilalba. Continúa o proceso de renovación de vías no rural. **Pax. 2**

as pontes. Reciben unha axuda para paliar o efecto do peche de Endesa. **Pax. 6**

rábade. Sae a licitación a redacción do Plan Xeral. **Pax. 14**


muras. Arrinca a campaña de promoción do Concello. **Pax. 15**

guitiriz. O Concello proxecta construír unha escola infantil. **Pax. 16**

castro de rei. Continúan as obras do abastecemento de auga. **Pax. 18**

a pastoriza. O Concello falla en contra de Erimsa. **Pax. 21**

Fuel Fandago estará nas Pontes



A actuación será o 29 e con aforo reducido. **Pax. 7**

A comarca celebra as Letras Galegas



Este ano serán na honra da sarriá Xela Arias. **Pax. 24-25**

Cita histórica co piragüismo



Volve o Descenso internacional do Miño. **Pax. 28**

Abre o prazo para pedir os bonos Impulso da Deputación

Xa está aberto o prazo para adherirse aos Bonos Impulso dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, coa que a institución provincial inxectará máis de 1,5M€ no comercio e na hostalaría da

provincia. Poden adherirse todos os pequenos comercios, locais de hostalaría e hospedaxe, sempre que desenvolvan a súa actividade en calquera dos 67 concellos da provincia. **Pax. 28**



Revisa con nós a túa audición

Agora, o segundo audífono ó 50% de desconto

NOVALUX
óptica & centro auditivo



VILALBA Tel. 982 510 100 AS PONTES Tel. 981 451 504



Vilalba revisará o cumprimento da Lei de Memoria Histórica

O Goberno de Vilalba revisará o rúeiro e outros bens públicos con referencias e simboloxía franquista que aínda permanecen no municipio para o cumprimento da Lei de Memoria Histórica. O primeiro paso será realizar un catálogo que recolla os elementos que incumpren esta norma tanto no viario público como noutros bens, paso previo marcado por lei para a súa retirada. Deste xeito, segundo a Lei 52/2007, no seu artigo 15, as administracións públicas, no exercicio das súas competencias, tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insinias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas da exaltación, persoal ou colectiva,

da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura. O Concello de Vilalba asume o compromiso de realizar un informe sobre os elementos que aínda permanecen na localidade con simboloxía franquista, con nomes de persoas vinculadas polas súas condutas ou traxectorias a este momento histórico. Neste senso, desde o goberno local dan este primeiro paso no recoñecemento da dignidade das vítimas do franquismo co fin de facer valer os principios de verdade, xustiza e reparación "para poñer un punto e final ao franquismo neste concello". Afirman que "Vilalba non pode ser unha excepción ao cumprimento da Lei de Memoria Histórica".

Licitan as obras de reforma do IES Lois Peña Novo

Licitáronse as obras de reforma que acometerá no IES Lois Peña Novo, ás que se destinan 247.000 euros. Os traballos incluírán a substitución da cuberta e das carpinterías exteriores e a reparación da fachada, conforme ás novas esixencias construtivas establecidas no Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica de Galicia, dotado con 191 millóns de euros. As actuacións levaranse a cabo nos edificios principal e secundario e permitirán reducir o consumo enerxético do centro ao mellorar as con-

dicións de illamento. En concreto, substituirase a cuberta existente de lousa por outra de panel sándwich e cambiaranse as ventás que non foran renovadas nos últimos anos por unhas con dobre acristalamento e apertura oscilobatente, similares ás que se colocaron recentemente. Tamén se mudarán os canlóns e baixantes por uns de aceiro galvanizado. Ademais, a fachada exterior do edificio principal dotarase dun novo sistema de revestimento Capatect para mellorar o illamento térmico.

Continúa o proceso de renovación de vías no rural

A Concellería de Infraestruturas do Concello de Vilalba continúa traballando en diferentes proxectos de obra. Así, presentou o proxecto de rexeneración integral do vial municipal que comunica as parroquias de Samarugo e Corvelle.

A actuación será na estrada de titularidade municipal que comunica a zona sur da parroquia de Samarugo coa estrada provincial LU-P-6505, en Corvelle. O tramo ten un percorrido lonxitudinal de 3.155 metros e un ancho medio de 3,80 metros. A actuación inclúe ademais darlle unha solución aos problemas de drenaxe existentes en dous puntos de vías municipais de Corvelle.

Os traballos saírán a licitación a curto prazo e terán un orzamento próximo aos 57.000 euros.

NETE, LADRA E DISTRIZ. Tamén realizará traballos de pavimentación, conservación, limpeza de noiros e sinalización en distintas vías e camiños de titularidade municipal situados nas parroquias de Nete, Ladra e Distriz.

Unha das actuacións será nos accesos á escola de Nete, no barrio de O Curro, o principal núcleo de poboación da parroquia.

O segundo dos traballos realizarase nos accesos ás vivendas do barrio de Os Castros, tamén na parroquia de Nete, un camiño de titularidade municipal sen pavimentar que parte da estrada municipal 065_403 para entrar en varias vivendas do barrio de Os Castros.

Tamén pavimentarán o vial muni-



CEIP TERRACHA. Deron comezo as obras de construción nun novo parque para o alumnado de primaria do Ceip Terra Chá de Vilalba. Será un patio dinámico a raíz do Plan Proxecta: Proxecto Terra, que foi solicitado polo centro e aprobado pola Consellería de Cultura e Educación o cal financia todo o proxecto, e que consiste en poñer zona axardinada con área de descanso para o alumnado e unha zona de xogos dinámicos no chan.

pal 065_207, que parte dende a estrada autonómica LU-541 e atravesa os barrios de Lourixe e Aguiar ata rematar na estrada provincial LU-P-6506. Outra das tarefas consistirá na rexeneración do tramo de acceso ao barrio de Aguiar.

Por último, haberá obras no tramo que comunica a estrada provincial LU-P-6511 con distintas vivendas no barrio de Fontechousa e remata na estrada municipal codificada 065_034.

GOIRIZ. Presentaron tamén os traballos de acondicionamento do pavimento no vial que da acceso ao barrio de Uceira-Goiriz.

Os traballos realizaranse no camiño municipal que atravesa en dirección norte as parroquias de Sancobade e Goiriz, incluído o barrio de A Uceira,

dende a estrada LU-120.

Para a mellora e mantemento desta vía, propónse a limpeza de noiros, regularizar a súa superficie e executar unha nova capa de aglomerado.

AVENIDA TERRA CHÁ. O Concello de Vilalba acometerá a última fase do proxecto de mellora e renovación integral da avenida Terra Chá, unha das arterias principais e que máis tráfico soporta no municipio.

En concreto, o Concello investirá preto de 48.000 euros en pavimentar o tramo pendente, desde o campo de fútbol ata a rúa de Galicia.

Os traballos inclúen a sinalización da avenida e o uso dos mellores materiais disponibles para o aglomerado, co obxectivo de que a infraestrutura esté nas mellores condicións posibles moito tempo.

ELECTRICIDAD

MONCHO  SANTOME

TRAÍGANOS SU FACTURA DE LUZ
EL 97% DE LAS PERSONAS QUE NOS TRAE SU FACTURA DE LA LUZ CONSIGUE AHORRAR

- ▶ Instalaciones eléctricas en general
- ▶ Líneas de media y baja tensión
- ▶ Antena TV
- ▶ Instalación voz y datos
- ▶ Instalaciones de energía solar
- ▶ Tienda de material eléctrico
- ▶ Lámparas

Telf. Oficina y Tienda 982 512 444 - Vilalba
 monchoysantome@yahoo.es
 www.monchoysantome.com



ÚLTIMAS VIVIENDAS DE 97 A 112 m²



Edificio céntrico y bien situado

- Ascensor hasta la planta bajo cubierta, zona trasteros.
- Trasteros con ventana exterior y toma para lavadora.
- Fachada ventilada de cantería.
- Instalación fotovoltaica para ahorro de electricidad en la comunidad de vecinos.
- Instalación solar térmica para producción de agua caliente.
- Amplias plazas de garaje.

PIDA PRESUPUESTO SIN COMPROMISO



FOLGUEIRAS INVERSIONES SL

982 512 444 - 659 080 853 - www.folgueirasinversiones.com

Aberta a programación cultural para maio

O Concello de Vilalba, desde a súa área de Cultura, vén de anunciar o cartel coas citas do mes das letras, en colaboración con outras entidades como o Instituto de Estudos Chairegos, cunha oferta variada de teatro, música, literatura e audiovisual en galego, facendo fincapé na figura de Xela Arias, homenaxeada nas Letras Galegas deste 2021.

TEATRO. O auditorio municipal acollerá dúas obras de teatro. A primeira delas, Cinco minutos sen respirar, unha adaptación da obra do dramaturgo Gustavo Ott, que fala da vida, dos abusos bancarios, do amor, da explotación laboral, do suicidio, da familia, etc.

Ademais, tamén estará Manuel Manquiña nunha divertida obra teatral, Relatos Negros.

PREMIOS MESTRE MATEO. Os filme finalistas nos premios Mestre Mateo serán proxectados en Vilalba nas fins de semana deste mes de maio, da man do lescha en colaboración coa Deputación de Lugo, a Academia Galega do Audiovisual e o Concello de Vilalba. Isto xa comezou e continuará os días 15, 22 e 29.

XELA ARIAS. A escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2021 terá un espazo importante nesta programación, cunha

conversa arredor da súa figura que realizará Marta Veiga, e cun espectáculo de música, poesía e fotografía protagonizado por A Banda da Loba, a poeta Tamara Andrés e as instantáneas de Xulio Gil, viúvo da homenaxeada.

LIBRO DE POESÍA. Xerardo Quintiá, gañador do XLVI Premio de Poesía do Certame Literario de Vilalba fará a presentación do seu libro co poemario Obra inacabada de Dosinda Christensen. Será o venres 28 para pechar o mes. Xa se poden coller as entradas dos eventos que terán lugar no Auditorio Municipal, na web entradas-vilalba.es ou na Casa da Cultura.

Convocada aunha nova Edición do Premio Agustín Fernández Paz

Coincidindo coa celebración do Día do Libro, o lescha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais convocaron a V edición do Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade que terá un prazo de presentación ata o 12 de xullo, coincidindo co cabodano de Agustín Fernández Paz.

Poderán participar todas as persoas que o desexen presentando narracións inéditas en lingua galega, dirixidas ao público infantil e xuvenil e cunha temática unida ao compromiso pola igualdade de xénero, raz, nacionalidade, etc. A obra terá unha extensión libre e presentarse encadernada, por cuadruplicado, en papel impreso polas dúas caras, tamaño DIN A4.



O premio está dotado con 3.000 euros e a publicación do orixinal por Edicións Xerais cedendo ao gañador 30 exemplares do mesmo.

O prazo de presentación de orixinais, que xa está aberto, rematará o 12 de xullo, aproveitando o cabodano do autor homenaxeado. Será en outono, concretamente na última semana de outubro, cando se de a coñecer o gañador, escollido por un xurado formado por tres persoas de reconocido prestixio cultural.

A entrega de orixinais debe remitirse a V Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade Instituto de Estudos Chairegos, praza de Suso Gayoso, 1 (Casa da Cultura) Apartado de Correos, no 39 27800 Vilalba (Lugo).

Continúa o plan de renovación do alumado en espazos públicos

O Concello continúa co seu plan de renovación do alumado municipal grazas á tecnoloxía LED. Esta renovación integral ten tres obxectivos principais. O primeiro deles é a renovación do alumado nas parroquias do municipio, pasando a luminarias LED, mellorando así a calidade lumínica e reducindo o consumo.

Neste caso, estanse a substituír a totalidade das luminarias en varios lotes, comezando polas parroquias de Codesido, Tardad, Distriz, Gondaique, Boizán, Mourence e Santaballa. Ademais, ante calquera tipo de fallo no alumado, substitúese por este novo tipo de luminaria. Hai renovados xa un total de 1.300 puntos de luz e implementárase o seguinte lote das parroquias nas vindeiras datas.

O segundo obxectivo é o da iluminación das entradas da vila, cos mesmos criterios de eficiencia enerxética e de seguridade dos peóns. Así, se estableceron novos puntos de alumado LED na entrada dende a A8, por Mourence, nos barrios de Escairo e Magdalena.

Nas vindeiras datas realizarase a renovación do alumado na entrada pola rúa Plácido Peña, mediante fi-



Diante da capela de Guadalupe

nanciación da Deputación de Lugo, e Campo de Punte mediante a financiación do IDAE, así coma a renovación da iluminación na entrada dende o barrio do Ventorro.

O terceiro obxectivo é o da iluminación dos espazos públicos e as edificacións, exemplo dos cales son a iluminación do entorno da alameda Basanta Olano, o aparcadoiro subterráneo, o templo da música, a Rúa Porta de Cima ou a nova iluminación da Praza Coronel Pena.

Tamén procedeuse á iluminación da Capela de Guadalupe, da Capela de San Roque ou a Casa da Cultura.



MONOLITO. Os xardíns do colexio Insua Bermúdez de Vilalba contan xa co monolito adicado a José Antonio Varela Veiga, quen fora o primeiro director do mesmo. O colexio acolleu un acto para inaugurar esta peza homenaxe, que foi realizada en pedra de granito polo artista chairego Marcos Ladra. Os cartos para sufragar esta homenaxe foron recolectados entre a comunidade educativa producindo un excedente de cartos que se destinarán á compra de libros en galego para a biblioteca do centro.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

MOTOSIERRAS Y
DESBROZADORAS DUCATI

DUCATI



CORTACÉSPED CUB CADET DESCUENTOS ESPECIALES...

Cub Cadet



...desde un 70%
en rodamientos
populares

...y desde
un 60%
en correas
industriales



**RYS
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

O Concello fará un casting de nenos para un vídeo



O Concello de Vilalba celebrará a finais de mes un cásting para o seu proxecto dun vídeo promocional da localidade.

Esta selección de pequenos actores será entre os nenos de 7 a 10 anos. Para inscribirse, deberán mandar un correo electrónico a comunicacion@vilalba.es, co nome, apelidos, idade e número de contacto.

O casting terá lugar o vindeiro sábado 29 de maio, na sala de xuntas do Concello, no segundo andar.

Vilalba Aberta propón unha zona azul gratuíta na Pravia

Vilalba Aberta vén de presentar unha iniciativa encamiñada á regulación do estacionamento na rúa da Pravia e Plácido Peña, que procura a necesaria mobilidade a través dun sistema gratuíta de lectura de discos fíxándose para o mesmo un tempo máximo de aparcamento de 90 minutos e a partir do cal se daría pé a unha sanción.

A medida, explican, podería levarse a cabo no actual contexto de ampliación do plantel da Policía Local e/ou pola vía da contratación de auxiliares e proxéctase complementaria da “necesaria” regulación do aparcadoiro subterráneo da Praza da Constitución.

A medida implantaríase ao longo das citadas vías, a ambas as marxes da calzada e precisaría, para facerse efectiva, da instalación de

sinais e da distribución dos típicos reloxos para programar a hora. Neste sentido, e con respecto aos sinais verticais, a proposta de Vilalba Aberta prevé a súa colocación nos extremos de ámbalas dúas rúas a fin de informar os condutores do cambio.

“Coa adopción desta medida desbloquearíanse os problemas para estacionar e favoreceríase ao comercio e aos negocios locais, ao tempo que se melloraría a calidade de vida dos veciños/as e residentes.” Remarcou Renda.

Ao respecto do tempo establecido, dende Vilalba Aberta entenden que os 90 minutos que se autorizarían, deberían resultar suficientes para facer as compras ou realizar as xestións nos diferentes negocios e bancos.



O PP vilalbés aposta por dirixir os fondos europeos a impulsar o centro de día para maiores

O Partido Popular insta ao goberno local a “poñerse a traballar de xeito inmediato na elaboración dun proxecto serio para a dotación dun centro de día que permita optar aos fondos europeos Next Generation cando sexa o momento. Non podemos deixar pasar a oportunidade de traballar e apoiar un servizo necesario para o municipio”.

Os populares amósanse favorables a esta proposta e propoñen, ademais, establecer “un novo modelo asistencial de atención aos maiores máis personalizado dando resposta ás necesidades que se presentan a consecuencia da pandemia da covid-19”. Engaden, así mesmo, que “o centro de día debe estar encardinado nun plan de atención aos maiores tamén en todo o rural de Vilalba”.

O Grupo Municipal do PP cre que “o goberno local debe contar con todo o tecido social de Vilalba e con tódolos grupos políticos” porque, segundo explican, “un proxecto destas características precisa dunha importante dotación orzamentaria; pero, ata o momento, o goberno municipal non foi quen de elaborar nin pactar uns presupostos”.

“Non se pode deixar pasar unha oportunidade tan extraordinaria. Cóntase coa disposición da Xunta coa cesión da estación de autobuses e con centros sociais nas parroquias que podían acoller esta prestación”, indica Agustín Baamonde, que insiste en que “esperamos que o Goberno local saiba estar á altura das circunstancias e cumpla unha demanda que é tan necesaria”.

Os populares critican ao goberno local por non ter aprobadas as axudas

O PP insiste na necesidade de atender con urxencia á hostalería, o comercio e o tecido económico vilalbés porque “se as axudas para afrontar as dificultades da pandemia non se dan axiña, igual despois é demasiado tarde”. Así os explicaron os populares no pleno extraordinario celebrado a finais de mes a petición de concelleiros do Grupo Popular e de Vilalba Aberta no que, finalmente, se aprobaron as bases reguladoras do programa de axudas a autónomos e pemes afectados pola crise da covid-19 e a incorporación ao orzamento de 350.000 euros procedentes dos remanentes cos votos a favor dos grupos da oposición e os votos en contra do goberno municipal.

“Unha vez aprobadas as bases das axudas correspóndelle ao goberno local axilizar o procedemento para a incorporación de remanentes para materializar as achegas”.

Os populares cren que “non é de recibo que o equipo de goberno leve perdendo o tempo tres meses dende que fora acordado no pleno correspondente ao mes de xaneiro o desenvolvemento deste programa de axudas”. Así mesmo, explican que “había un acordo dos grupos en relación ás bases” e, polo tanto, “non se entende o atraso se non é pola clamorosa incapacidade de xestión do goberno local” que é “o que xustifica a necesidade deste pleno”.

En relación á incorporación de remanentes, o voceiro popular Agustín Baamonde lamenta que “o equipo de goberno lle bote a culpa a intervención pola tardanza na elaboración do documento da liquidación do exercicio 2020” porque “o motivo de que se atrase é a falta de persoal que se debe, á súa vez, a que o goberno municipal leva dous anos sen facer a RPT”. É dicir, para o popular “o goberno é o responsable do atraso da liquidación que supón o atraso da incorporación de remanentes”. Baamonde sinalou que “o goberno ten que ser consciente de que dende a ruptura do pacto está en minoría e, polo tanto, ten que chegar a acordos coa oposición para sacar adiante proxectos transcendentais”.

VÉNDESE PRAZA DE GARAXE EN VILALBA

Rúa Plácido Peña, 1-5 Vilalba. Tel.: 630 407 533

Esta primavera levas a fibra gratis ao contratar calquera liña móbil!

Fibra 1.000 Mb

Móbil 23 GB

Chama xa gratis ao 900 651 679
www.adamo.es



adamo
Fibra · Móbil · Fixo

“A xente demanda calzado de calidade para os seus nenos”

Marisol Lamas Prado, xerente da tenda infantil de calzado O Gato con Botas

Marisol colleu a xestión da zapatería infantil fai 3 anos, esta tenda especializada en calzado de calidade atópase situada na céntrica e comercial rúa Plácido Peña de Vilalba.

A que público ou a que idades vai dirixida a tenda?

Traballo con marcas especialistas en calzado para nenos e tamén para os primeiros pasos, a franxa de idade dos meus clientes é desde os 0 anos ata os 14 anos máis ou menos. Desde pre-andantes ata adolescentes.

Cales son as necesidades que te cada un? Ou son as mesmas?

Non, claro que non son as mesmas. O neno que empeza a andar necesita un calzado especializado con súa horna especializada, mentras que un rapaz que xa camiña ten un calzado con unha tipoloxía máis normal por dicilo así comunmente.

Que define a compra de un determinado produto?

A compra do calzado defínea sempre a tempada na que nos encontremos. Non é mesmos a tempada de inverno que de verán. En verán buscábase un zapato fresco como poden ser os de loneta ou as sandalias. Cando empeza a tempada de invernada pois

pensamos máis na volta o cole, os clientes piden algo que sexa resistente, eu traballo con marcas que se dedican a zapatos de gama alta e que presentan unha alta duración.

Entón os teus produtos considéranlos de gama alta?

Pois se tivera que encadrar si, diría que traballo con gama alta. Por exemplo unha das marcas que traballo é Pablosky que ten certificados asinados por podólogos, xa non só pediatras senón tamén podólogos. Traen uns compoñentes preparados as necesidades de cada idade e situación do neno. Para min isto é fundamental porque estamos calzando o neno na súa etapa de formación e de crecemento. Temos que coidar moito os primeiros pasos do neno e os inmediatamente seguintes xa que é o momento no que forma a pisada, e afecta non só os pés senón a columna e a estrutura corporal, son da opinión de que non debemos escatimar na calidade do calzado pola saúde dos nosos pequenos. Procuo sempre proverme de marcas que me garantan alta calidade.

Que outras marcas traballas máis que a xa mencionada Pabloski?

Traballo Geox, Andanines e outras marcas europeas, case todas españolas, con certificados de calidade emitidos por persoal independente cualificado.

O Gato con botas, aínda que especializado en calzado, ten outra serie de produtos complementarios, que máis podemos atopar na tenda?

Pois temos unha pequena liña de complementos como poden ser camisetas, deportivos de luces que son ao mesmo tempo que calzado algo divertido para os nenos que é algo moi demandado para facer un regalo diferente e o mesmo tempo útil, temos lotes de calcetíns, mochilas para o colexio, gorras que utilizan moito nas garderías e en infantil. De estes complementos non teño unha colección moi ampla pero as marcas que traballamos teñen as licenzas de Disney ou mesmo de Marvel.

Seguen funcionando os produtos de debuxos clásicos?

É increíble pero si. Aquí quen escolle o modelo son os nenos en función dos seus gustos e debuxos preferidos, pero os clásicos de Disney como Micky e Mini ou heroes coma Spiderman seguen sendo das cousas



Marisol na súa tenda na rúa Plácido Peña de Vilalba

máis demandadas. Tamén temos debuxos máis actuais como as de Pepa Pig, Patrulla Canina, Baby Shark, Ladybug. Estes son produtos que non encontramos noutras tendas normalmente.

De onde proceden os teus clientes fundamentalmente?

Fundamentalmente de Vilalba e a comarca. Temos moita xente dos concellos que nos rodean pero tamén de As Pontes, incluso de Lugo. Creo que é porque intento ter cousas que non se encontran noutras tendas de maneira habitual. Os clientes cando veñen dinme que buscaron certo calzado en outros lados e non o encontraban e na miña tenda pois si. A veces valorámonos pouco, pero Vilalba ten unha cantidade de comercio impresionante. Moita xente

sorpréndese cando chega e non se espera ter a variedade de tendas de roupa de maiores e de nenos, de accesorios, de calzado, de decoración e todo isto en diferentes gamas e prezos a verdade e que temos moito que ofrecer aos consumidores, e debemos loitar por que siga sendo así.

E o consumidor da comarca, demanda calidade?

A verdade é que pola miña experiencia, creo que si, que temos veciños moi esixentes. Incluso co tema da Covid non vin que baixara ese nivel esperado nos produtos. A xente valora que os seus nenos teñan confort e seguridade no calzado dos máis novos. Moitas veces, como ven que uns ou outros produtos saen ben aconsellan a amigos e outras persoas para que veñan a verme.

LEADER 2014 – 2020

Aberto o prazo de solicitudes de axudas

Último día de presentación de solicitudes de axuda o 3 de xuño de 2021

Terra Chá
¡Natural...mente!



Se tes un proxecto,
Chámanos!

Asociación Terra Chá (GDR-2)
Rúa Carmiña Prieto Rouco s/n
27800 - Vilalba
Telf/Fax: 982 52 30 13
terrachanaturalmente@gmail.com

O Concello aproba a ordenanza de terrazas

O Pleno do Concello das Pontes aprobou, cos votos a favor do PSOE e o PP e a abstención do BNG a ordenanza municipal que regulará a instalación de terrazas en vía pública. O obxectivo desta norma é, en palabras da concelleira de Industria e Emprego, Ana Pena, “establecer un marco normativo que permita compatibilizar ás necesidades do sector de maximizar a súa actividade ao aire libre, debido á situación sanitaria vixente por causa da Covid19, o fomento do desenvolvemento da actividade hostaleira da vila, que redundará na economía, no emprego e no turismo, coa garantía da calidade de vida da veciñanza”

Por outra banda, para garantir a correcta aplicación e desenvolvemento da nova ordenanza reguladora, a propia norma contempla a creación dunha comisión especial de terrazas para o asesoramento, seguimento, coordinación e control das mesmas.

O almanaque histórico xa compilou máis de 500 efemérides

O proceso participativo para o deseño dun almanaque histórico 2022 das Pontes, iniciativa que nace co obxectivo de recoller as efemérides e acontecementos máis significativos para a comunidade local e plasmarlos nun calendario construído colectivamente, xa compilou, desde a súa presentación pública o pasado 25 de marzo, máis de 500 efemérides locais.

A concelleira Lorena Tenreiro destaca que “desde o lanzamento do proxecto xa participaron máis de 30 entidades e persoas a título particular que achegaron os acontecementos importantes para cada unha delas e esperamos que aínda participen moitas máis entidades. Nuns días comezaremos a realizar encontros telemáticos con diferentes asociacións da vila”.

As Pontes recibirá unha axuda para paliar o efecto do peche de Endesa

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Miteco, a través da Fundación Ciudad da Enerxía, publicou a resolución de adxudicación de axudas a entidades locais afectadas polo proceso de peche de centrais termoeléctricas de carbón. En total son 15 os proxectos beneficiados propostos por 11 concellos que accederán a axudas por un importe total de 5.459.568,58 euros. A posta en marcha destas actuacións, que deberán levar a cabo nun período de 24 meses xerará, polo menos, 160 empregos a tempo completo.

O proxecto subvencionado proposto polo Concello das Pontes é a creación dun centro acelerador de obradoiros agroalimentarios concibido para pequenos produtores, a creación dunha entidade que centralizará os servizos a polígonos industriais e un centro loxístico.

O centro acelerador de obradoiros agroalimentarios suporta a reconversión do edificio principal do matadoiro municipal que ofrecerá as súas instalacións e equipamento

aos pequenos produtores, especialmente aos de mel e hortalizas, que queiran iniciar a comercialización das súas producións sen ter que acometer un investimento inicial. Prevese a xeración dun emprego de perfil administrativo.

O proxecto do centro loxístico consiste na construción de edificio industrial que permita a almacenaxe e a distribución dos stocks almacenados. O edificio ocupará unha superficie de 2.000 m² e a chaira para o aparcamento de camións 10.000 m² para o que se adecuarán chans, pavimentos e sinalización. Estará dotado de varios peiraos de carga e descarga e contará cunha zona de aparcamento para traballadores e clientes. Prevese a xeración de 6 empregos equivalentes a tempo completo como consecuencia da actuación anteriormente descrita.

E a entidade urbanística de conservación e servizos para os polígonos empresariais asumirá as tarefas de conservación e mantemento e enfocarase de forma especial en prestar servizos de dixitalización,

eficiencia enerxética, economía circular e de identificación, promoción e execución dos proxectos europeos que se identifiquen como de interese para as empresas implantadas, crear emprego sostible no

municipio e mellorar o atractivo dos polígonos ponteses para facilitar a atracción e implantación de novas empresas. Está prevista a xeración de 5 empregos equivalentes a tempo completo.



CARAVANA. Aproveitando a celebración da Xunta de Accionistas de Endesa, uns cen vehículos participaron nunha caravana de automóbiles que percorreu o centro urbano das Pontes para rexeitar os recortes no convenio colectivo de Endesa. A mobilización partiu do aparcadoiro da Casa da Enerxía e percorreu unha boa parte das rúas e avenidas das Pontes. Ademais, os participantes fixeron sonar as bocinas dos vehículos ao unísono durante un minuto. As concentracións continuaron este mes, como a realizada ante a Subdelción do Goberno da Coruña para pedir a convocatoria da Mesa pola Transición.

O lago lucirá bandeira azul por primeira vez

A praia do Lago das Pontes contará por primeira vez, desde a súa inauguración no ano 2012, cunha bandeira azul, galardón que concede cada ano a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac), quen subliñou as posibilidades do areal pontés para recibir este recoñecemento. A concellería de Turismo presentou, no mes de novembro a candidatura oficial acompañada dun dossier xustificativo da súa proposta así como unha completa memoria de actividades e información sobre a praia do lago.

seu interese nesta acreditación e recibiu a visita unha inspectora da Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac), quen subliñou as posibilidades do areal pontés para recibir este recoñecemento. A concellería de Turismo presentou, no mes de novembro a candidatura oficial acompañada dun dossier xustificativo da súa proposta así como unha completa memoria de actividades e información sobre a praia do lago.


O centro de saúde ten xa unha segunda pediatra

O centro de saúde das Pontes conta cunha segunda pediatra, que se une á titular previa, para dar cobertura sanitaria as 1.073 tarxetas sanitarias de menores de 14 anos.

Desde o Concello amosan a satisfacción pola cobertura da segunda praza de pediatría, vacante desde había máis dun ano xa que se “da resposta a unha reclamación da veciñanza e da corporación municipal e permitirá garantir que os nenos e nenas da vila teñan acceso a unha atención sanitaria de calidade”

Neste encontro tamén se comunicou o nomeamento do facultativo Pablo Pérez Hermida como novo responsable do centro sanitario de saúde que da cobertura sanitaria a máis de 12.800 tarxetas e na que prestan servizos 43 profesionais, tanto no propio centro de saúde como no Punto de Atención Continuada. Este nomeamento responde á decisión do Servizo Galego de Saúde de converter o centro de saúde das Pontes nun centro de referencia no ámbito da saúde sociocomunitaria.

Carne Ecológica con Certificación Craega



LA TOMEA

CARNICERÍA

Carne de ternera eco



SUPERMERCADO **DIA** EN RÁBADE
Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábade. T: 982 390 355

A literatura e o teatro vertebran a programación cultural de maio

O Concello organizou unha serie de actos para celebrar as Letras Galegas

O Concello continuará coa súa programación cultural de maio na que a literatura e o teatro ocupan un lugar destacado. Vicente Roca, concelleiro de Cultura sinala que “este mes, ao abeiro da celebración do Día das Letras Galegas, desde a Biblioteca Municipal e o departamento de Cultura, deseñouse un programa a través do que queremos achegar á veciñanza á lectura en galego e aos seus autores e autoras así como á figura de Xela Arias”.



Presentación da programación cultural do mes de maio

LETRAS GALEGAS. A primeira cita foi o sábado 8 pero continuará o xoves, 13 de maio, a partir das 18:00 horas, na Casa Dopeso, para o público máis novo, a compañía Trémola Teatro representará a obra *Brilla brilla*, un espectáculo sensorial para bebés que os/as achegará a valores como a solidariedade e o compañeirismo. A programación continuará o venres, 14 de maio, coa palestra de Chus Nogueira *Busco a vida entre papeis*, que achegará ao público asistente á figura de Xela Arias

Xa o sábado, 15 de maio, ás 12:00 horas, o salón de actos da Casa Dopeso acollerá a presentación do libro *O Pau de Ferro*, primeira novela do xermadés, X. M. Felpeto. Pola tarde, ás 18:00 horas, diante do Concello, o Grupo Poético Alalá celebrará o seu Recital Poético de Primavera, onde se recitará unha peza da poeta e outras obras creadas polos poetas e poetisas pontesas.

O xoves, 20 de maio, Compañía Eléctrica chegará a As Pontes co seu espectáculo *Aibō* que propón unha versión diferente do conto popular da Carapuchiña Vermella para ofrecer unha ollada positiva sobre a relación coa natureza e entre as persoas. Péchase a programación o sábado,

29 de maio, ás 12:00 horas, no salón da Casa Dopeso coa presentación dos libros de Medos Romero, Hortensia e *Peixes que esvaraban ao unísono*.

O RESTO DO MES. A programación continuará esta fin de semana coa celebración das letras galegas e seguirá o venres, 21 de maio, ás 20:30 horas, a compañía ButacaZero chega ao Auditorio Municipal Cine Alovi coa obra teatral *Despois das ondas*, unha viaxe pola vida da actriz galega María Casares, exiliada en Francia coa súa familia desde a guerra civil.

O sábado, 22 de maio, a partir das 18:00 horas, na Igrexa de Santa María, a Banda do Conservatorio Municipal e a Banda da Música das Pontes, protagonizarán o concerto Camerata do Eume dedicado a todas as persoas que están na primeira liña da loita contra a pandemia da covid-19.

Xa a última semana de maio, a programación inclúe o espectáculo de



maxia *Hoxe toca maxia* de Maxia na manga. Será o xoves, 27 de maio, ás 18.00 horas na Casa Dopeso.

Péchase a programación o sábado, 29 de maio, ás 12:00 horas, no salón da Casa Dopeso coa presentación dos libros de Medos Romero, Hortensia e *Peixes que esvaraban ao unísono* e coa actuación de Fuel Fandango.

Fuel Fandango actúa o 29 de maio nas Pontes

Fuel Fandango presentará nas Pontes o seu último disco, *Origen*, o seu traballo máis ambicioso ata a data, nun formato reducido, máis íntimo e persoal, adaptado á nova normalidade.

Origen é unha invitación a volver á natureza, ao amor, como salvavidas de todo. Unha viaxe emocional onde os sons urbanos, flamencos, africanos e de raíz, invitan a ser libres.

Con este novo álbum, Nita Manjón e Ale Acosta volveron ao número 1 de vendas en España.

A actuación terá lugar o sábado, 29 de maio, ás 20.00 horas, no auditorio municipal Cine Alovi e a venda de entradas realízase a través de ticketea. Teñen un custe de 10 euros.



Os organizadores advirten que poderá requirirse á entrada do recinto a identificación da persoa compradora das entradas.

O Concello edita unha guía de plantas das fragas do Eume

O Concello, coa colaboración da imprenta da Deputación da Coruña, edita a *Guía de las plantas del Parque Natural de As Fragas do Eume* froito do traballo de investigación realizado por Javier Guitán, catedrático de Botánica da USC e do fotógrafo José L.M. Villar.

Elena López, responsable da área de Turismo, incide no valor desta publicación xa que “este traballo danos a posibilidade de divulgar a riqueza natural e medio ambiental das Fragas do Eume, algo esencial para poder respectalas e coidalas”. Esta guía ten como obxectivo achegar aos lectores e lectoras a riqueza do Parque Natural das Fragas do Eume, unha das mellores representacións do bosque atlántico



Elena López, coa guía

litoral europeo. A publicación, a través de 13 capítulos, analiza aspectos xerais do Parque, as principais características da flora e facilita algunhas pautas para o recoñecemento das especies.

PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEDIA

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA ONLINE
www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374



O local social contará cun soportal exterior

Rehabilitan o local social de San Pedro de Eume

O Concello das Pontes está a acometer as obras de acondicionamento do exterior do local social da Asociación de Veciños de San Pedro de Eume.

O proxecto cun orzamento de 46.320€ que será financiado con fondos propios do concello permitirá a execución dun soportal exterior, na parte posterior do edificio que permitirá albergar as diferentes actividades e reunións que levan a cabo no local social.

A cuberta realizarase cun faldón a unha auga que unicamente cubrirá

as xanelas da planta baixa da fachada este, manténdose a iluminación desta planta a través da fachada oeste e revestirase con panel sándwich imitación teza que mantén a estética da cuberta existente.

O proxecto tamén contempla a ampliación da soleira e a execución dun acceso encostado ao lateral do edificio para facilitar a accesibilidade a este soportal desde o exterior do edificio sen necesidade de atravesar o interior do mesmo, salvando o desnivel do terreo adxacente á construción.

Empeza a catalogación do arquivo municipal

O Concello iniciou unha nova fase de catalogación do arquivo municipal co obxectivo de preservar e mellorar a accesibilidade do patrimonio documental do consistorio. Estes traballos permitirán levar a cabo a revisión de 1032 unidades documentais, de carácter administrativo e histórico, datadas a partir de 1836.

Así procederase á clasificación, ordenación e identificación dos fondos delimitando as series documentais para o que será preciso realizar, con anterioridade, traballos de tratamento de expedientes de identificación dos mesmos e de substitución das unidades nas que actualmente está depositada a documentación.

A continuación levaranse a cabo os traballos de identificación das



Lorena Tenreiro no arquivo

series documentais co fin de integralas no cadro de clasificación do arquivo municipal e procederase á creación de novas series a medida que resulten necesarias para posteriormente realizar a ordenación dos expedientes dentro das unidades de instalación.

Comezan as obras de mellora da avenida de Ortigueira

O Concello das Pontes iniciou as obras da primeira fase de mellora de pavimento e servizos da Avenida de Ortigueira, no tramo comprendido entre a Avenida de Villalba e a Rúa do Concello.

O proxecto, cun orzamento de licitación de 140.382,28 euros a cargo da Deputación da Coruña, permitirá a eliminación do desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como a mellora dos servizos de iluminación e saneamento, dándolle así continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade levada a cabo polo Concello das Pontes no centro urbano.

Entre os traballos previstos inclúense o retranqueo dos farois e sinais de tráfico existentes, a demolición da beirarrúa e o bordo así como a demolición e o fresado do firme existente, o recrecido de pozos de rexistro e o varrido da superficie viaria.

O afirmado da zona de rodadura e aparcamentos realizarase mediante formigón bituminoso cun acabado



Avenida de Ortigueira das Pontes

impreso e a beirarrúa peonil realizarase con baldosa prefabricada de cor.

Procederese, así mesmo, á instalación de sumidoiros e a separación da rede de pluviais da rede de saneamento. En canto á instalación de iluminación pública inclúese a execución de arquetas, da canalización eléctrica, a tirada de cable eléctrico, colocación de novas luminarias e a retirada dos farois existente ademais, nos pasos de peóns

instalaranse captafaros LED e sinais de paso luminosas. As obras finalizarán coa instalación de papeleiras, xardineiras e bancos.

Desde o Concello de As Pontes pídesse desculpas á veciñanza polas molestias que poidan ocasionar estes traballos de mellora da Avenida de Ortigueira e informa que o tráfico quedará restrinxido no carril de subida, desvíandose a circulación a través da Avenida de Vilalba e a Rúa Alexandre Bóveda.

Inician nos centros educativos as actividades de igualdade

O Concello das Pontes, que iniciou con motivo do 8 de marzo a campaña *Unha EXPERIENCIA de COIDADADO, CORRESPÓNdeche escoller a túa*, para sensibilizar e dinamizar á poboación en materia de igualdade e visibilizar e poñer en valor o traballo de coidados, pon en marcha unha serie de accións, en colaboración cos Centros de Educación Primaria e Secundaria do municipio.

Coa iniciativa dirixida ao alumnado de 3º a 6º curso de Educación Primaria, Decálogo a favor da corresponsabilidade, elaborárase un decálogo de boas prácticas e recomendacións de accións que se po-

den poñer en práctica nos fogares. Así mesmo, para completar a actividade, os centros crearán un álbum virtual no que se recollerán materiais audiovisuais e fotográficos que darán conta do traballo realizado nas aulas, visibilizando con iso tamén a participación das familias na campaña. Este, será publicado e compartido cos centros e as coas familias do alumnado.

Por outra banda, porase en marcha unha actividade dirixida ao alumnado de 3º e 4º curso da Educación Secundaria que consistirá na organización de tres faladoiros online con Mulleres de referencia no ámbito das CTM.

Licitan as obras de mellora no cemiterio

A Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de licitación das obras de mellora da accesibilidade e humanización da contorna do cemiterio dos Alimpadoiros.

A obra, financiada pola Deputación da Coruña e cun orzamento de 122.465 euros, ten como obxectivo facilitar a mobilidade na zona así como mellorar o acceso principal ó edificio de titularidade pública a través dun conxunto de ramplas que permitirán salvar os desniveis existentes na fachada principal.


O proxecto tamén completa a reparación do firme da calzada co fresado das zonas precisas e o aglomerado da contorna do conxunto de ramplas mentres que o acceso central se executará con formigón impreso.

Mercontrol Agroalimentaria

FITOSANITARIOS, ZOOSANITARIOS
 VENDA DE PENSOS, ABONOS, CEREAIS, SEMENTES
 POLOS, POÑEDORAS
 ALIMENTACIÓN, FERRETERÍA
 XARDINARÍA
 MENAXE, FOGAR

Blona

Poliño Industrial de Rábade, Rúa B-Parcela 13
 Tfno. 982 390 857



17 DE MAIO DE 2021

DIA DAS LETRAS GALEGAS

SÁBADO, 8 DE MAIO

PRESENTACIÓN DO LIBRO
"LUGAR DE INCENDIOS"
PACO SOUTO E SERXIO MOREIRA
CASA DOPESO, 19:30 HORAS

XOVES, 13 DE MAIO

CONTACONTOS
BRILLA BRILLA
TRÉMOLA TEATRO
CASA DOPESO, 18:00 HORAS

VENRES, 14 DE MAIO

PALESTRA XELA ARIAS
"BUSCO A VIDA ENTRE PAPEIS"
CHUS NOGUEIRA
CASA DOPESO, 20:00 HORAS

SÁBADO, 15 DE MAIO

PRESENTACIÓN DO LIBRO
"O PAU DE FERRO"
X.M. FELPETO
CASA DOPESO, 12:00 HORAS

SÁBADO, 15 DE MAIO

RECITAL POÉTICO DE PRIMAVERA
GRUPO ALALÁ
HOMENAXE A XELA ARIAS
PARQUE MUNICIPAL, 18:00 HORAS

XOVES, 20 DE MAIO

TEATRO
AIBO
COMPAÑÍA ELÉCTRICA
CASA DOPESO, 18:00 HORAS

SÁBADO, 29 DE MAIO

PRESENTACIÓN LIBROS
HORTENSIA
PEIXES QUE ESVARABAN OU UNÍSONO
MEDOS ROMERO
CASA DOPESO, 12:00 HORAS



xermade

Andaina co gallo da Letras Galegas



O Concello de Xermade organiza para o día 17 de maio unha andaina de 24 quilómetros pola ruta do río Trimaz.

Este roteiro farase co gallo do Día das Letras Galegas e dará comezo ás 10.00 horas dende o campo de fútbol de Cabreiros. Haberá aforo limitado e as inscricións poden facerse no 678 744 178 ou en educadora.familiar@xermade.org. Ademais, do 18 ao 21 de maio pódense recoller uns marcapáxinas de Xela Arias no Concello e na biblioteca municipal.

Adxudican as obras do Plan Único

A Xunta de Goberno Local de Xermade adxudicou as obras incluídas no Plan Único deste ano.

A obra de maior envergadura, a mellora de firme en Buscalte, Roupar, Bidueiral, Souto, Aguillón, Pena, Cerveira, Sanche, Leboré, Folgueiras e Seixido foi adxudicada a Cholo SL, que realizou unha oferta económica de 72.519,05 euros e unha ampliación do prazo de garantía de 2 anos.

A baixa obtida nesta licitación ascende a 18.791,77 euros, cartos que irán destinaados á mellora dun camiño en Miraz.

O resto dos investimentos foron adxudicados pola Alcaldía, ao tratarse de contratos menores. Por unha banda dentro do capítulo de mellora de equipamentos, a reforma do local municipal en Momán,



Alcalde de Xermade

foi adxudicado a TYC Canosa SL por importe de 10.208,03 euros. A mellora da parcela anexa a polideportivo en Xermade será para Francisco Gómez y Cía SL por importe de 30.822,77 euros.

Así mesmo, a reposición de luminarias en Lousada, Burgás e Cazás e ampliación de alumeadado público en Lousada, estará a cargo de Moncho y Santomé, por importe de 20.674,79 euros e as melloras ofertadas.

A mellora de beirarrúas en Momán foi adxudicada a Cholo SL por importe de 23.708,64 euros e a construción de novos nichos en Roupar a TYC Canosa SL por 12.130,71 euros.

Tamén acordaron que a reforma puntual da antiga escola de Cazás-A Casavella estea a cargo de José Ramón Carracedo Rouco, na que se investirán 19.945,23 euros.

Finalmente, a construción da zona de xogos infantís en Xermade corresponderá a Instalaciones Bahía Park SL en 10.035,45 euros.

O Servizo de Atención Temperá recibe 128.000 euros

O Concello de Friol seguirá co bo funcionamento do Servizo de Atención Temperá que atende a poboación dos Concellos de Friol, Begonte, Rábade, Guntín e Palas de Rei, gracias a concesión dunha axuda de 127.561,43 euros da Consellería de Política Social.

Este servizo está situado na segunda planta do Centro Sociocultural do Concello de Friol e atende de forma gratuíta a nenos e nenas de 0 a 6 anos de idade que presenten trastornos no seu desenvolvemento ou que se encontren en risco de padecerlos, mediante as intervencións necesarias e individuais en cada caso.

Veranse beneficiados por este servizo as familias e o entorno de calquera dos municipios referidos anteriormente, co fin de apoiar e fomentar un mellor desenvolvemento infantil.

En estes momentos o servizo está atendendo a uns 46 nenos e nenas con algún tipo de necesidade, para favorecer o seu desenvolvemento psicomotor, cognitivo, de linguaxe, comunicación, autonomía, socialización, afectividade, etc.

Esta agrupación de Concellos recibe fondos destinados a cubrir os custos do traballo de unha logopeda, unha psicóloga, unha terapeuta ocupacional e unha enfermeira. Este grupo de profesionais están en constante contacto e coordinación cos servizos sanitarios, educativos e sociais do entorno dos pequenos. Ademais esta Unidade conta con diverso material especializado para prestar os diferentes servizos específicos de cada área.

Os alcaldes que conforman esta agrupación insisten en que "este servizo é de gran importancia para as familias dos nosos Concellos, xa que supón unha considerable mellora no desenvolvemento dos máis novos dos municipios e das súas familias, e con unha atención máis próxima, directa e personalizada que en outros servizos máis masificados".

Licitada a mellora da estrada a Cabreiros

A Xunta licitou por 450.000 € a mellora da estrada LU-170 entre Xermade e Cabreiros, unha actuación incluída no Plan de reforzo de firmes que en 2021 prevé un investimento de 4,6 millóns na provincia de Lugo nun treito de 5,5 quilómetros.

A Plataforma de Contratos Públicos de Galicia recolle xa o anuncio de licitación das obras, fixando de prazo ata o vindeiro 19 de maio para a presentación de ofertas. A partir de aí continuaranse os trámites para iniciar os traballos este verán, co obxectivo de telos rematados este mesmo ano, xa que contan cun prazo de execución de tres meses.

A obras previstas entre os núcleos de Xermade e de Cabreiros permitirán mellorar o firme entre a intersección da Pena e Cabreiros, xusto onde comeza o treito rehabilitado pola Xunta hai uns anos.

Os traballos consisten na mellora


do firme en toda a superficie da estrada, mediante o estendido dunha nova capa de rodadura de altas prestacións nos treitos que presentan mal estado, para incrementar a adherencia, reforzar a seguridade e ofrecer maior comodidade na condución aos usuarios. A actuación inclúe, ademais, a limpeza das marxes da estrada, a reposición e o pintado das marcas viarias e o reforzo da sinalización con menor ancho e con gabias profundas, disporanse cunetas de seguridade, que poden ser rebasables e utilizarse en caso de ser necesario. Colocaranse, ademais, barreiras de seguridade onde haxa desniveis e sistemas de protección para motoristas.

A Xunta ten por obxectivo acometer unha actuación ambiciosa para a que xa solicitou 6 millóns de euros dos fondos europeos de reconstrución ao Ministerio de Transportes para acometer a actuación.

Volven en maio as xornadas do IV Ciclo

A casa escola de Cabreiros acollerá en maio unha nova formación da Universidade de Santiago de Compostela dentro do programa universitario de maiores, IV Ciclo.

Trátase do programa Camiños de coñecemento e experiencia, que ten como obxectivo principal favorecer a democratización do coñecemento; potenciando e difundido o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos das comarcas colaboradoras. As actividades do programa desenvolveranse polas tardes dos días 28 e 31 de maio e 1, 2, 3 e 4 de xuño. Combinaranse os seminarios con saídas e visitas. Así este ano falarase de a simboloxía das cores, cun paseo a pé pola zona; as especies invasoras con visita a un eucaliptal, e sobre o patrimonio histórico de Xermade que culminará cunha visita ao museo arqueolóxico de



Vilalba. As persoas interesadas en inscribirse poden facelo no teléfono 982 501 001.

O programa ten varios obxectivos específicos como revalorizar e profundar no valor do patrimonio, concienciar, ensinar e aprender da presenza da ciencia no día a día das nosas vidas; recoñecer o valor das disciplinas artísticas nas nosas emocións e vivencias; adaptar e coñecer as competencias sociosanitarias dos principios de envellecemento activo, e acadar unha mellora da calidade de vida, do benestar e da participación a través do exercicio intelectual.

PODAS DE ALTURA
(Tropa)

TALA
(Árboles complicados)

¡Somos especialistas!

Contacto
646 098 956

Haz más segura tu vivienda y jardín

A Lareira

Taberna Galega
Restaurante

Rúa do Sol, 4
27800 Vilalba, Lugo
Tel.: 982 512 842

O Concello inviste 24.000 euros na reforma do centro de saúde

A Consellería de Sanidade e o Concello de Friol veñen de asinar un convenio para investir 24.000 euros en obras de reforma no Centro de Saúde do municipio.

Este edificio é propiedade do Concello de Friol, polo que con este convenio conséguese a metade da aportación por parte da Consellería e a outra metade correrá a cargo das arcas municipais.

A execución das obras está previsto que comece o antes posible, despois de que o Concello realice os trámites oportunos de contratación de execución das obras e consistirán en distintas actuacións do edificio, que co paso do tempo se foi deteriorando.

Unha das actuacións que se levarán a cabo será a substitución da carpintería exterior de aluminio. Tamén se realizará un retranqueo do tabique curvo de vidro tipo pavés para mellorar o acceso á consulta de pediátrica e ampliar a sala de espera. Farase unha reparación de revestimentos vinílicos e tamén da pintura en zonas deterioradas. E por último,



Exterior do centro de saúde de Friol

realizarse a substitución de persianas tipo venecianas que presentan deterioro.

Todas estas actuacións terán en conta o cumprimento dos requisitos básicos relativos á seguridade como son a seguridade estrutural, seguridade en caso de incendios, seguridade de utilización e accesibilidade, salubridade, protección fronte ó ruído, aforro de enerxía e illamento térmico, etc.

O alcalde, José Ángel Santos, destacou a importancia de esta obra

“porque o edificio actual ten algunhas deficiencias que precisan ser arranxadas, en beneficio de toda a poboación do noso concello, e do persoal que traballa no mesmo todos os días”.

O rexedor móstrase satisfeito e agradecido pola implicación da Xunta de Galicia, dado que esta é unha gran inversión no Concello de Friol, que beneficiará dun xeito moi importante ao Centro de Saúde do pobo e por suposto ás persoas e traballadores que asisten a el.

17 empresas optan a executar as obras da estrada a Palas

Un total de 14 ofertas presentáronse para executar as obras da 1ª fase das obras de mellora da estrada LU-231, entre Friol e Palas de Rei. Destas 14 ofertas presentadas, 3 delas están conformadas por UTE, o que supón un total de 17 empresas.

Esta actuación conta cun investimento autonómico de preto de 2,8 millóns de euros, incluídas as expropiacións das 222 fincas necesarias para acometer o acondicionamento da vía. As obras disporán dun prazo de execución de 12 meses.

Polo momento estanse a desenvolver os actos expropiatorios de levantamento de actas previas. En concreto, no concello de Friol xa foron citados os propietarios dos terreos necesarios para acometer esta obra os pasados días 15, 16, 19 no salón de actos do Centro Sociocultural do municipio. Posteriormente,

no mes de xullo, efectuarase o pagamento de depósitos previos e a formalización das actas de ocupación. En concreto, en Friol estes actos están convocados para os días 5, 6 e 7 de xullo, novamente no salón de actos do Centro Sociocultural. En Palas de Rei, os titulares dos terreos están citados o día 8 de xullo, tamén no salón de plenos do Concello.

As obras céntranse no acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei.

A sección da estrada ten actualmente un ancho aproximado de 5 metros, polo que os carrís son estreitos e non contan con beiravías. Esta sección ampliarase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m, salvo na zona con máis edificacións.

17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

DEDICADO A XELA ARIAS

Muller polifacética das nosas letras, mestra de poesía e de vida dun pasado moi presente.

EDITORA
TRADUTORA
POETA

Presentados un total de 122 videopoemas para o concurso da casa museo

Cento vinte e dous traballos veñen de se presentar, na nova edición, a IV, do Concurso escolar de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María, unha vez finalizado o prazo de entrega. Esta cifra supera as tres edicións anteriores deste concurso anual que a Casa-Museo Manuel María puxo en marcha no 2017.

Os traballos presentados pertencen a centros escolares de toda Galicia, en concreto a Vigo, Gondomar, Ribadumia, Ourense, Ferrol, Guitiriz, Sarria, Burela, Rianxo, A Coruña, Palas de Rei, Rodeiro, Sanxenxo, Xanceda, Panxón, Noia, Milladoiro, A Guarda, Portas, Porriño, Carballo, Narón, Marín, Portas e Lugo.

O concurso ten como finalidade a potenciación da creatividade artística, a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra poética de Rosalía de Castro e Manuel María. Nel pode participar o alumnado do ensino non universitario, é dicir desde 1º da ESO até o Bacharelato, incluíndo Ciclos Formativos.

Agora o xurado realizará un traballo de selección para determinar os finalistas desta edición, sen que estea predeterminado un número concreto. Desta maneira, o día 15 de maio proxectaranse os vídeos finalistas na Casa-Museo, coa asistencia das persoas que os realizaron, e o xurado emitirá o seu ditame.

Xa está aberto o prazo de inscrición para o campamento urbano e de multiaventura

O Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para o campamento urbano que se realizarán do 5 ao 9 de xullo para os nenos de 2º a 6º de primaria e do multiaventura do 28 ao 30 de xuño para os rapaces de 1º a 4º da ESO.

O urbano conta con 30 prazas dispoñibles e o multiaventura será en Viveiro e terá 20 prazas. Todas elas cubriranse por riguroso orde de solicitude, tendo preferencia os nenos empadroados no municipio e os alumnos do colexio con respecto aos de fóra.

O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o 31 de maio ou ata cubrir prazas. Pode reservarse a estada nas oficinas municipais da Casa da Cultura de 10 a 14.30 horas ou chamando ao 982 39 34 08.



Unha imaxe do último campamento

A realización das actividades previstas ou a posible modificación das mesmas queda supeditada a posibles imprevistos que poidan xurdir pola situación sanitaria da covid-19. É obrigatorio o uso de máscara nas actividades.

O Pleno rexeita a proposta de reinvertir a recadación no rural

O BNG de Outeiro levou ao Pleno unha proposta onde se demandaba que os próximos orzamentos contemplasen os máis de 500.000€ que vai recadar o Concello coa nova valoración que fan das fincas situadas nos núcleos rurais.

Na mesma proposta tamén se solicitaba que estes cartos recadados a maiores se habilitaran partidas para levar o saneamento aos núcleos rurais do concello, xa que se as súas fincas van pagar como se fosen urbanas, deberían ter tamén o servizo destas fincas urbanas, como contempla ademais a propia lei urbanística da Xunta na definición de finca urbana. "Parécenos unha proposta moi razoable, pois hai que ter en conta que neste momento este servizo chega a pouco máis que ás áreas urbanas da vila e ás urbanizacións, carecendo del a gran maioría do concello, sendo unha das cuestións máis demandadas pola veciñanza" continuou dicindo Xosé Ferreiro.

O alcalde votou en contra da proposta do BNG aínda a sabendo que era xusta, pois necesita os cartos para "tapar" o burato económico ao que sumiu o concello nos últimos anos, levando a cabo obras "faraónicas" que ninguén solicitaba, contratacións de persoal completamente esaxeradas ou subidas de salario a persoas puntuais que non se sosteñen. "É unha decisión política: Pódense usar estes cartos para dotar deste servizo a unha boa parte da poboación que vive no rural ou pódese seguir a contratar persoal sen control e facer obras moi custosas que non teñen ningún sentido. Esa é a decisión política que tomou hoxe o alcalde", rematou dicindo o concelleiro do BNG.

OUTROS ASUNTOS DO PLENO. No Pleno tamén foi aprobada a ordenanza municipal reguladora do uso de zonas verdes e áreas recreativas do Concello de Outeiro de Rei. O debate comezou coa mención da



Unha vista do Pleno

área recreativa de Santa Isabel, lugar de uso público que actualmente está necesitado de certa vixilancia/control. Propúxose a creación dun abono, con desconto para os cidadáns de Outeiro de Rei, para o estacionamento no parking da área recreativa xa mencionada. Este abono será único pero cubrirá todos os vehículos dunha mesma unidade familiar. Os partidos tamén deron conta da necesidade de establecer un permiso exclusivo para residentes das zonas

colindantes, punto no cal todos están de acordo. A votación rematou con 9 votos a favor e 3 abstencións. Ademais, por unanimidade aprobouse a renuncia do concelleiro Francisco Xabier Molinos Campos e a moción socialista na que se pedía revisar a hora das sesións para facilitar o acceso aos plenos tanto aos concelleiros que teñen traballo e non se dedican tan só á política, como a todos os cidadáns posibles que desexen participar nestes.

O BNG "indignado" pola devolución dunha subvención

Dende o BNG vense de manifestar "a súa indignación" ao ser coñecedores de que o concello de Outeiro tivo que devolver á Xunta máis da metade dunha subvención de 12.000 euros que tiña concedida, dado que o importe do custe do servizo xa fora cuberto coas taxas que lles cobra ás persoas usuarias. Concretamente, do total dos 12.000€, o concello xa recibida o Concello como adianto 9.000 €, tendo aínda así que devolver máis de 3.000 deses porque non se podían xustificar os gastos, pois loxicamente a Xunta non pode subvencionar o custe dun servizo, unha vez que este está cuberto coas aportacións en forma de taxas das persoas usuarias. En total, o

que tivo de devolver e o que deixou de percibir suman 6.660 euros.

"A cuestión é moi clara, o alcalde multiplicou as taxas que cobra a este servizo, preferindo que o pagase a xente de Outeiro antes que gastar os cartos da subvención que lle daba a Xunta a tal efecto. Simplemente, non o podemos entender...", continuou o concelleiro do BNG.

"Hai que lembrar que só no último ano o concello subiu un 20% a taxa da auga, un 40% a do lixo, recalificou cun auténtico catastrazo todas as parcelas que están nos núcleos rurais (pola que vai recadar máis de 500.000€) e creou unha taxa de retirada de árbores cando caen ás pistas municipais", din.

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS Y BANQUETES

Rúa do Anastro nº 19 GUITIRIZ 982 37 01 88

La Casilla Especialidad en almejas y chuletón

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES zona para Boda Civil www.lacasilla.es

Asesoría Enerxética

Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

pol

Mosteiro acollerá en xuño e xullo senllos campus deportivos

O Concello de Pol, en colaboración coa APSX Sagrado Corazón e o club Emevé, organizan para os días 23, 24, 25, 28, 29 e 30 de xuño e 1 e 2 de xullo un campus de multideporte que se desenvolverá entre Mosteiro e Lugo.

Este celebrarase nas instalacións da área deportiva de Pol e está dirixido para nenos nados entre o 2009 e 2015. O campus será de 10 a 19.30 horas con almorzo, comida e merenda incluídos, e haberá servizo de transporte gratuito.

Serán catro campus a celebrar de maneira simultánea, de fútbol, fútbol sala, pádel e baské e a maiores haberá actividades conxuntas como excursións, piscina, visitas, tiro con arco. Todos os monitores son titulados nas súas disciplinas, e en tempo libre e socorrismo.

A inscrición ten un prezo de 100 euros, con desconto do 50% para os nenos empadroados en Pol, e 60% para irmáns. Coa inscrición entregárase aos nenos un pack con roupa deportiva que inclúe dúas camisetas, dous pantalóns e unha gorra.

A folia de inscrición deberá ser entregada ao responsable de deportes



de cada colexio ou club ou enviala a ajsc_lugo@hotmail.com antes do 11 de xuño.

Para máis información haberá que poñerse en contacto con Alberto ou Rubén nos teléfonos 628 857 935 e 626 765 574.

BALONCESTO. A continuación, do 4 ao 11 de xullo, terá lugar a I Edición de Campus KingTela. Unha semana repleta de moito baloncesto, un equipo técnico de primeiro nivel, xogadores profesionais, actividades,

noites temáticas, competicións, piscina... e dos irmáns Erik e Sergi Quintela, así como de Fernán Varela, Adrián Chapela e Pablo Abuín. Ademais haberá fisioterapeuta, seguro e enfermería, e un servizo de bus entre Lugo e Mosteiro.

O campus conta con tres modalidades, interno, externo King e externo, con prezos entre os 430 e 260 euros. O campus terá descontos de 20 euros a irmáns, a socios do CB Breogán un 5%, e se se pertence ao un Club King. Haberá agasallos como a equipación completa.

Lourdes López gañou o Raid Hípico Terras do Miño

A pasada fin de semana celebrouse o Raid Hípico Terras do Miño de Pol no que participaron 35 xinetes e amazonas de toda Galicia, ademais xuntáronse o Galego de Raid e a proba Internacional.

A gañadora da proba galega foi Lourdes López Real, que conseguiu levar o triunfo por diante de Jairo Fonseca Vázquez e Paula López González, nun formato de 100 km. de percorrido celebrados en catro fases, dous primeiros de 28 e os outros dous de 22 quilómetros. Na proba internacional a gañadora foi Alicia Pérez de la Blanca que acabou por diante de Laia Vaque e Lourdes López, que completou unha carreira espectacular.

Esta proba deixou un amargo sabor á amazona polense Rocío Díaz Cortón, xa que quedou no posto 14 do in-



Unha imaxe do transcurso da proba

ternacional. Díaz, que foi dúas veces campiona autonómica, fixo o percorrido nun tempo de 17:41:32 coa súa egua Sarabi D'Abalume.

O vindeiro campionato amateur sobre 120 quilómetros celebrarase os próximos 2 e 3 de xullo na mesma localización.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
 Transformaciones agrarias
 Desbroces y plantaciones de montes
 Servicio de podas
 San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE

Inmobiliaria JRoca **ROCA ABOGADOS**

O Campo 2, Xermade
 Casa rural | 2 Dorm | 1 Baño | 89m² **27.000€**
 En la parroquia de Cazas, municipio Xermade (Lugo), se vende casa rústica para reformar. La finca de la casa tiene 4.800 metros y sobre ella, además de la casa, hay un horreo y diversos alpendres.

Piegueira 1D, Abadín
 Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 296m² **50.000€**
 En la parroquia de Galgao, municipio de Abadín (Lugo), se vende una casa unifamiliar independiente con una finca de 4.500 metros cuadrados. La casa tiene una superficie, entre las dos plantas, de unos 200 metros. El resto de la construcción se corresponde al garaje y al almacén. La casa está situada a medio kilómetro de la A-8 y a unos 20 minutos de la costa.

Basanta Silva 8, Vilalba
 Piso | 5 Dorm | 2 Baños | 200m² **170.000€**
 En la localidad de Vilalba (Lugo) se vende piso muy céntrico, de 5 habitaciones y sala, 2 baños, cocina amueblada, trastero y ascensor. Dispone de plaza de garaje en otro edificio próximo.

Calvario 52, Vilalba
 Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 140m² **80.000€**
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, dos baños y trastero. Se trata de una vivienda muy luminosa y que dispone de calefacción individual.

Billetes, Abadín
 Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 200m² **55.000€**
 La casa está habitable, tiene calefacción y los propietarios tienen más fincas en la zona si le interesase al comprador.

Sancobad s/n, Vilalba
 Terreno / No urbanizable | 5.105m² **33.000€**
 Se vende parcela de unos 5.000 metros, situada a unos 3 km del Vilalba, en la que existe una construcción de unos 80 metros, que dispone de luz y agua. La finca está plantada con pinos, que están para cortar.

Basanta Silva 58, Vilalba
 Local | 125m² **120.000€**
 En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende cafetería-bar, local situado en esquina. Tiene una planta baja de unos 75 metros y un entresuelo un poco más pequeño. Necesita pocas reformas.

Campo de Puente, Vilalba
 Estudio / Loft | 0 Baño | 100m² **35.000€**
 En la c) Campo de Puente de Vilalba (Lugo) ofrecemos dos pisos en placa, para ser terminados por el comprador, uno de 100 metros y otro de 108 metros. Cabe la posibilidad de comprar ambos y hacer una vivienda de 208 metros. El edificio en el que se encuentran dispone de ascensor. Se trata de pisos muy luminosos al disponer de ventanas a ambos lados de la casa.

Grupo As Fontiñas 1, Vilalba
 Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 99m² **45.000€**
 En Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, 2 baños y cocina. Muy luminoso y próximo a los colegios.

Campo de Puente 11, Vilalba
 Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 115m² **63.000€**
 En Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 3 habitaciones, comedor y sala, 2 baños y cocina. Dispone de trastero, ascensor y calefacción individual de gas ciudad.

Plaza Coronel Pena, Vilalba
 Casa / Chalet Independiente | 10 Dorm | 2 Baños | 369m² **250.000€**
 Casa antigua blasonada, de piedra, con balconada, en el casco histórico de Vilalba (al lado de la plaza de Santa María y del Parador de Turismo), de 369,10 metros construidos, con fachada a la calle Concepción Arenal y jardín contiguo a la misma de 74 metros (cerrado con verja), que da a la Plaza del Coronel Pena. La parte destinada a vivienda de la casa ha sido reformada recientemente.

Calle Lameirón, Vilalba
 Terreno / Urbano (solar) | 650m² **90.000€**
 Las alturas edificables son 3 plantas más ático y el frente del solar son 12 m.

Inmobiliaria JRoca C/de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

ROCA ABOGADOS

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
 Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocaabogados.info

O Pleno aproba axudas para a hostalaría e o pequeno comercio

O Concello de Rábade aprobou no último pleno destinar unha partida de 30.000 euros para establecer axudas ao sector da hostalaría, distribución de bebidas e pequeno comercio. A iniciativa, que partiu do goberno local foi aprobada pola unanimidade do pleno e sufragárase con fondos propios.

Segundo explican, haberá dúas convocatorias, dotadas con 15.000 euros cada unha. Unha estará dedicada á hostalaría e á restauración, así como tamén a todas aquelas empresas que se dedican á distribución de bebidas. Os beneficiarios nesta modalidade poderán recibir un total de 1.000 euros a fondo perdido.

A outra liña de axudas estará des-

tinada tanto a hostaleiros como a comerciantes do municipio. Os beneficiarios poderán recibir 500 euros para a adquisición de material de protección anti-covid, así como a axustar os espazos nos que desenvolven a súa actividade ás medidas de prevención.

Non entrarán neste grupo, os comerciantes de alimentación, xa que se entenden que eles non sufriron tanto as consecuencias da pandemia.

Para solicitar as axudas esixírase que as empresas teñan o domicilio fiscal no termo municipal e estar de alta antes do 14 de marzo de 2020. En canto se publiquen no BOE, os solicitantes terán 15 días de prazo para solicitar esta axuda.

Sae a licitación a redacción do Plan Xeral de Rábade

O Concello de Rábade sacou a licitación a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello. O orzamento base para este contrato é de 85.881 euros e as empresas tiveron de prazo para presentar as súas ofertas ata o pasado 5 de maio.

Segundo se explica no prego de licitación, establécese un prazo de execución de catro anualidades, polo que se estendería ata o 2024. As tres primeiras están dotadas cun total de 17.176 euros e a do 2024 estaría cun total de 34.352 euros.

Malia estes prazos, o obxectivo do Concello é ter listo o Plan en dous anos, xa que moito do traballo xa está feito, como a topografía, planimetría e inventario, que se prepararon para o PXOM elaborado no ano 2008. Documento anulado



polo Tribunal Supremo, ao carecer dun informe da Confederación Hidrográfica. Coa anulación do PXOM do 2008, o Concello volver a rexirse polo planeamento do ano 1977. O Concello xa anunciara que os 85.881 euros cos que se custeará

esta nova redacción do PXOM provirán de fondos da Xunta de Galicia, que a finais do ano pasado adquiriu o compromiso de sufragar a totalidade dos gastos de redacción do novo plan a través dunha partida da Consellería do Medio Rural.

O Concello prepara unha nova edición do Rapatiando 2021

O Concello prepara unha nova edición do Rapatiando 2021 que abriu xa a inscricións. Para participar será necesaria a previa inscrición.

As actividades iniciáronse coa escola de maxia o día 7, que terá continuidade o 14, 21 e 27 de maio para nenos de 5 e 12 anos, de 18.00 a 19.00 horas. A última semana de xuño, 21, 22, 23, 24, 25, 28, 29 e 30 de xuño, e indicado para nenos de 8 a 16 anos, haberá unha escola taller de video xogos. Tamén haberá un outro de robótica creativa os días 4, 11, 18, 25

de xuño para nenos de 5 a 12 anos, de 18.00 a 19.00 horas. Estas tres actividades serán de balde e no centro sociocultural.

Os días 28, 29, 30 de xuño e 1 e 2 xullo para nenos de 4 a 15 anos no pavillón municipal de 9.00 a 14.00 horas haberá un campus de patinaxe. Esta actividade terá un prezo de 20 euros.

Os 28, 29 e 30 de xuño será o campamento multiaventuras en horario de 10.00 a 21.00 horas para mozos de 1º, 2º e 3º de ESO e 1º de BAC.



Este campamento custará 50 euros. Xa por último, o campamento urbano para nenos de 4 a 12 anos será a primeira quincena de xullo de 9.00 a 14.00 horas por 20 euros.

Aproba unha proposta para poñer atención sobre o Santo Anxo

A Comisión de Política Social do Parlamento vén de aprobar unha proposición non de Lei do Grupo Socialista para urxir á Consellería que reciba ao equipo educativo do Centro de Menores Santo Anxo de Rábade. A portavoz socialista, Marina Ortega, lembrou as chamadas de atención do equipo educativo do centro, que leva agardando unha reunión por parte da Consellería de Política Social dende o ano pasado, para trasladar os graves problemas que existen na xestión do centro polo desleixo da administración autonómica.

Ortega advertiu de que o centro, con capacidade para acubillar 32 usuarios, mantén 4 menores, e a directiva reporta graves problemas de conduta que “poñen en perigo o traballo dos profesionais, dificultan a calidade do servizo e o interese superior dos menores”. Salientou a preocupación dos educadores fronte ás circunstancias dos menores ingresados no centro, ata o punto de que en numerosas ocasións derivan nun centro de reforma con causas xudiciais ou condutas delictivas.

A parlamentaria socialista apuntou á “mala xestión” destes recur-



sos por parte do goberno galego, que “usa recursos sen control, nin sentido nin coñecemento de causa”, cun centro como o de Rábade que ten a inmensa maioría de prazas descubertas, fronte á saturación rexistrada por exemplo no centro Montealegre de Ourense. Dixo que “a xestión de recursos ao chou non serve”, e reclamoulle que atenda á información dos profesionais. A iniciativa aprobada reclámalle á Consellería que programe de inmediato unha visita ou xuntanza co equipo directivo “para coñecer a situación e actuar” con medidas urxentes. A proposta, que foi aprobada por unanimidade, foi transaccionada para reclamar un estudo sobre a situación do centro e estudar as reformas necesarias na normativa e os protocolos do centro para responder á situación dos menores internos”.



constru fer

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN E BARRIAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

Saneamietos, construción e ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

Arrinca Sentindo Muras

A campaña de promoción realizarase a través das fotografías de Marcos López

Muras inicia estes días unha campaña de promoción do Concello aproveitando a súa recente distinción como Concello Starlight. Trátase dunha campaña a través de fotografías que mostran os lugares recunchos de maior beleza do termo municipal e que leva por título *Sentindo Muras*.

Así, os locais de hostalaría de Muras, que son os que reciben público doutros lugares, poderán ver expostas ditas fotos nos seus locais mentres desfrutan dun xantar ou unha cea, ou mesmo de tomar un café.

Estas fotografías estarán acompañadas dun código QR que facendo lectura do mesmo lles achegará á zona que representa a fotografía.

Sentindo Muras dará comezo estes días ofrecendo por tanto as mellores capturas de paisaxes, detalles e puntos de interese do Concello. Trátase de imaxes do fotógrafo Marcos López, colaborador habitual das distintas actividades que se levan a cabo.

Como explica o alcalde, Manuel



Unha vista da ferverza da Xestosa, no límite con Oural

Requeijo, "o obxectivo é fortalecer Muras e dalo a coñecer compartindo os obxectivos básicos da Carta Europea de Turismo Sustentable".

Así, nestas imaxes poderán verse lugares de interese como a ferverza da Xestosa, ou recunchos imprescindibles da serra do Xistral, baixo cuio paraugas escóndese o Concello de Muras.

Os cabalos serán tamén grandes protagonistas destas improntas, que achegarán estes lugares ao

público en xeral e incentivarán a visita a estes recursos naturais tan representativos do turismo sustentable.

O autor das fotografías, Marcos López, é habitual colaborador do Concello, onde ten impartidos cursos de fotografía, en especial en distintas accións formativas sobre fotografía nocturna. Conta tamén cunha páxina en redes sociais onde promociona a vila a través das súas imaxes.

Muras aposta por facer a Romaxe Artesá o 22

O Concello de Muras ten previsto celebrar o día 22 de maio a quinta edición da Romaxe Artesá da Chaira. O Concello decidiu optar por esta celebración unha vez que a situación do virus está sendo controlada e "por xa é tempo de comezar a facer cousas sempre que se manteñan as debidas normas sanitarias", explicou o alcalde, Manuel Requeijo.

O Concello aínda está perfilando a programación, na que figuran moitas das actividades previstas para o ano pasado, que tivo que ser suspendida debido á cuarentena.

Polo de pronto, a Romaxe Artesá da Chaira do 2021 será algo diferente pero mantendo a esencia das edicións anteriores con control de aforos e do resto de medidas anti covid. Así, haberá exposición de artesanía e demostracións en vivo dos diferentes artesáns. Estes protagonistas da feira estarán situados en carpas e irán rotando nas súas demostracións.

Tamén está previsto celebrar obradoiros para adultos e para nenos,



entre as previsións figura un taller de elaboración de pandeiretas e outro de xoguetes. No capítulo de actuacións está prevista unha para nenos ás 16.00 horas a cargo de Gramola Gominola e teatro de títeres ás 18.00 horas.

Non faltarán tamén unha actuación para os máis maiores, nesta ocasión contarán coa presenza de Javier Díaz, que ofrecerá o concerto que non puido dar o ano pasado. Rematarán a noite cunha charla de iniciación á astronomía e interpretación do ceo nocturno.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

ARR

*Hijos de
Ramón Rubal*

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

COMPRAMOS MADERA

PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

O Concello renovará o saneamento entre as rúas Lagoa e Xermolos

O Concello de Guitiriz renovará a rede de saneamento situada entre as rúas Lagoa e Xermolos, unha actuación que da continuidade ós traballos de renovación da rede na rúa Combariño, permitindo resolver os problemas de acumulación de areas que provocan estragos nos equipos de bombeo e que tamén están a ocasionar a perda do material de recheo do firme.

As obras contan cun orzamento de máis de 94.000 euros e estarán financiadas conxuntamente entre o Concello e a Xunta de Galicia, que a través dunha subvención do Plan Hurbe aportará un máximo do 70% da investimento.



Os traballos a levar a cabo consistirán na renovación dos vellos colectores de formigón situados no tramo obxecto deste proxecto por uns novos de PVC, evitando así a acumulación de areas nos equipos de bombeo.

Solicitan a recuperación da estrada de Parga e asumir a titularidade

O Concello de Guitiriz solicitou á Xunta de Galicia que mellore a seguridade viaria na estrada autonómica LU-242, un dos principais accesos á parroquia de Parga, co compromiso de asumir a titularidade desta cando se executen os traballos.

A alcaldesa, Marisol Morandeira, ven de enviar un escrito á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade expresando esta petición e solicitando unha reunión coa conselleira, Ethel Vázquez, para tratar o tema despois de manter un encontro esta semana co xefe de Servizo de Infraestruturas de Lugo, Gerardo Pallares.

Os traballos a realizar nos 2 quilómetros da vía consistirían na renovación do pavimento, que actualmente está moi deteriorado, e na instalación de pasos de peóns elevados para mellorar a seguridade dos peóns que transitan por ela. Ademais, no tramo urbano, duns 700 metros, pídese a construción de beirarrúas na marxe



Rúa de acceso a Parga

esquerda e o acondicionamento das cunetas xa que, pola súa profundidade, tamén implican un problema de seguridade.

Marisol Morandeira explicou que "as actuacións son moi necesarias xa que é unha estrada moi frecuentada, tanto por vehículos como por peóns, e creo que é un acordo xusto xa que, cando se executen, temos a intención de asumir a súa titularidade desde o Concello".

Guitiriz proxecta construír unha escola infantil

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, presentoulle ao xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, un proxecto valorado en 478.766,75 euros para construír unha escola infantil de 0 a 3 anos con 3 unidades.

A mellora do servizo de atención infantil é unha urxencia para o Concello de Guitiriz, xa que o actual Punto de Atención á Infancia conta cunha ampla lista de agarda ao ter só 20 prazas para o rango de idade entre 0 e 3 anos, e tamén é unha demanda recorrente da alcaldesa, que no 2019 acadara o compromiso da conselleira de Benestar Social, Fabiola García, para buscar algunha solución.

Marisol Morandeira lembra que "a finais do ano 2019 os técnicos da Consellería visitaron as instalacións do PAI e concluíron que a súa ampliación era inviable polo que a única solución era a creación dun novo edificio" e "debido á ausencia de novas ao respecto decidimos elaborar nós



o proxecto para a súa construción, que deberá ser a base para negociar o seu financiamento".

O proxecto propón o emprazamento do edificio nun espazo dentro do recinto do CEIP Lagostelle, situado detrás do pavillón, e que actualmente é unha zona con herba.

A nova escola infantil, que permitirá dar resposta á demanda das familias actuais e futuras, executarase nunha edificación de planta baixa totalmente equipada. Na súa zona sur situaranse as 3 aulas, que contarán con pequenos patios individuais diante de cada unha, e a orientación

norte destinarase ao traballo administrativo, onde estará a sala de profesores, unha lavandería e haberá aseos e vestiarios. Entre estes dous bloques contéplase unha sala de usos múltiples que funcionará como comedor, unha cociña e tamén un gran espazo diáfano ao que se abren todas as estancias.

No exterior crearase un patio con zona cuberta e areeiro, outro de servizo e o acceso das familias propónse a través dun vestibulo cuberto que estará situado entre a zona administrativa e a escolar e no que se habilitará un almacén de carriños.

Advirten unha mellora na recollida selectiva de lixo

Os esforzos que o goberno local está a facer nos últimos anos para mellorar a recollida selectiva de residuos están a dar os seus froitos, mellorando os datos neste sentido en cada exercicio.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, e a concelleira de Medio Ambiente, Paula Campo Barral, mantivo unha reunión cos técnicos de Ecoembes, entidade medioambiental sen ánimo de lucro centrada na mellora do reciclaxe e do ecodeseño dos envases en España, que lle trasladaron un informe cos últimos datos do municipio.

Ademais do incremento da aportación por habitante, que pasa de 14,1 quilos no 2016 a 19,9 no 2020, tamén aumenta a recollida de envases lixeiros do contedor amarelo entre os veciños e veciñas de Guitiriz. Ademais, son cada vez máis

conscientes do que vai en cada contedor xa que a taxa de impropios no amarelo é moi baixa e redúcese pasando do 25,19% que se recollía no ano 2016 ao 24,55% do 2020.

Para contribuír a esta evolución positiva o Concello adheriuse a un convenio entre Ecoembes e a Xunta de Galicia polo que se adquiriron contedores de envases lixeiros e de papel-cartón por valor de 11.800 euros e está previsto solicitar máis este ano para completar os puntos onde non hai e renovar outros.

Paula Campo Barral explica que "ademais de ser boas novas para o medio ambiente tamén o son para a economía xa que, coa boa separación do lixo e un bo uso do colector de envases lixeiros, redúcese o peso e por tanto o coste da recollida do colector xenérico".

Recollida de plásticos de silos na parroquia do Buriz

O Concello de Guitiriz pon en marcha a recollida de plásticos de silos porta a porta na parroquia do Buriz, que será na explotación que o solicite o 19 de maio. Os usuarios deberán de poñerse en contacto co teléfono 982 370 109, onde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda, e baixo os seguintes condicionados:


Os plásticos deberán estar depositados en dúas moreas por tipo (plásticos -cor branca ou negra- de embolar por un lado e plástico de silo fixo ou trincheira por outro), nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos e dentro da explotación. Non se poderán depositar en bens de uso ou dominio público, lembrando a prohibición de depositalo nos contenedores de lixo ou ao seu carón.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516590

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60
ALÉN

Xermolos abre o prazo do Certame Terra Chá

A asociación Xermolos de Guitiriz ven de abrir o prazo para o XLII Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, un concurso vinculado ao Festival de Pardiñas. Poderán participar obras nas seguintes especialidades: contos, debuxo, poesía, teatro, documentais, fotografía, cómic, murais, grafiti, vídeo-creación, improvisación oral, regueifas e rap. Haberá dous grupos de premios da mesma calidade e cantidade, uns para os alumnos dos centros educativos da comarca chairega e, os outros, para aqueles que cheguen desde colexios, escolas ou institutos doutras partes de Galicia. Os galardóns concederanse nos niveis de educación infantil, nos tres ciclos de Primaria, os dous de Secundaria e en bacharelato e FP. Haberá premios para os tres mellores de cada nivel e especialidade, que se repartirán en material e libros valorados en 60 euros para o primeiro; 50, para o segundo, e 30, para o terceiro. Tamén haberá premios para os traballos colectivos,



todos eles con lotes de libros. Haberá tamén unha sección especial, As mulleres e as nenas nas ciencias, xa que neste ano a Academia Galega da Ciencia adica o ano á investigadora Jimena Fernández de la Vega que foi médica no Balneario de Guitiriz. Os interesados en participar no XLII Certame Terra Chá deberán enviar os seus traballos ás direccións dos centros de ensino ou ben envialos a Asociación Xermolos ou por correo electrónico a xermolos@xermolos.org. O prazo para enviar as obras estará aberto ata o próximo 31 de maio.

Guitiriz contará en xuño cun festival poético

Guitiriz acollerá en xuño un festival poético que contará cun amplo programa de actividades, e que estará organizado polo colectivo Nova Poesía Guitiriza en colaboración co Concello. Xa se escolleron as datas de celebración, que serán o 12 e 13 de xuño no Campo de Feira da localidade, na medida en que as circunstancias sanitarias o permitan. Dende a NPG xa levaban tempo coa idea de organizar un grande evento poético, que completara a programación anual que organiza o colectivo pero a pandemia impediu a súa celebración con anterioridade.

Durante estas datas concretarase o programa que se desenvolverá esa fin de semana e que xa avanzaron que contará con presentacións, exposicións, concertos, un roteiro e as entregas dos premios Díaz Castro de Poesía, que convoca o Concello, e Vilariñas, promovido polo colectivo poético. A alcaldesa, Marisol Morandeira, acompañada das titulares das áreas de Cultura, Turismo e unha técnica municipal, así como a delegación da NPG con Pilar Maseda, Luz Airado e Antón Tenreiro avanzaron as liñas xerais da programación e o traballo a desenvolver cara este primeiro ano.



TRIVIAL O FIN DO CAMIÑO. Adrián Vázquez Ventosiños resultou gañador do sorteo Trivial *O Fin do Camiño*, organizado polo Concello de Guitiriz con ocasión da celebración da exposición do mesmo nome do colectivo Egeria. Este xogo céntrase no obxectivo que move a unha persoa a percorrer o Camiño e o premio consiste nunha comida para dúas persoas.



Asemblea veciñal e votación das propostas

Parganonsedivide, contra as propostas de ADIF sobre os pasos a nivel

A Plataforma Parganonsedivide avalía positivamente a asemblea de veciños celebrada en Parga este pasado sábado. Nesta concorrida asemblea, con preto de 100 veciños e veciñas, púxose de manifesto, de novo, a rotunda oposición da veciñanza ás diferentes propostas de ADIF para a supresión de pasos a nivel. “Esta plataforma naceu para evitar a división do pobo en dúas metades, para aportarlles información aos veciños e veciñas e que puideran valorar as diferentes propostas e por iso convocamos esta asemblea. Son os veciños e veciñas de Parga os que teñen que decidir o seu futuro e Parga falou e decidiu, de novo, rexeitar a nova proposta porque o pobo quedaría tamén dividido” sinalan dende Parganonsedivide. Adif fixo chegar á Alcaldía unha nova proposta para a supresión de pasos a nivel, desta vez mediante un paso superior e unha estrada de nova construción que discorrería entre a zona das vivendas sociais, nos terreos da antiga serra de Santalla, até enlazar coa avenida da estación, pre-

to da antiga oficina do Banco Pastor. “A veciñanza valorou negativamente esta nova opción, principalmente porque se mantería a división do pobo, mais tamén porque parte da nova estrada discorrería por zona inundable ou porque hai dúbidas de que a avenida da estación, erguida sobre material de recheo, poida soportar o tráfico de camións de madeira, leite ou pensos que transitan polo pobo” din dende a plataforma. Tamén se escoitaron voces incidindo en que o sistema de pasos a nivel con barreiras actual é seguro e que, en todo caso, se podería mellorar aínda mais a súa seguridade con mais mantemento ou dotándoo de medidas adicionais coma as dobres barreiras, detectores volumétricos de presenza, ou outros dispositivos. “Os veciños de Parga queremos un pobo unido e seguro e Adif debe escoitar a nosa voz, retirar os proxectos actuais e comezar a traballar en propostas que non supoñan a división de da vila. Parga falou e o pobo é quen máis ordena” finalizan.

Unha estudante do IES, finalista nun concurso da RAG

Laura Freire, alumna de bacharelato no IES Poeta Díaz Castro, foi unha das finalistas do concurso de microrrelatos da Real Academia e PuntoGal na categoría xuvenil. Esta rapaza, natural de Aranga, concurso cou traballo *Mente asoballada*. Trinta e catro palabras foron dabondo para que Álex Gallego Couñago (2010), alumno do CEIP Manuel Padín Truiteiro de Arcade, se fíxese co primeiro premio da categoría infantil do IV Concurso de microrrelatos. A súa historia, titulada *Sáindo do túnel*, foi a mellor valorada entre os máis de 300 contos presentados por nenos e nenas de ata 11 anos. Na categoría xuvenil, a gañadora do primeiro premio é a ourensá Alba Guzmán Falcón, estudante do IES Eduardo Blanco Amor, cuxo relato de 200 palabras titulado *Bolboreta*.

EN BREVE

ESPECTÁCULO. A Casa Habanera de Guitiriz acolle o domingo 16 de maio ás 19.00 horas o novo espectáculo de Carmen Conde, A aldea das mulleres. Esta obra está dirixida a un público xuvenil e adulto e a entrada é de balde. Debido á covid, as prazas están limitadas e serán asignadas por orde de chegada. Esta obra foi adiada en xaneiro por mor da situación sanitaria.

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará entre o 4 e o 9 de xuño no Concello. A atención ao público será entre as 9:00 e as 13:30 horas e de 15:15 a 18:00, agás o día 9, que será só de mañá. A unidade estará situada no polígono industrial de Guitiriz. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycity.com.

PROXECTOS DE MOBLES MODULARES



Adaptados as necesidades e dimensións de cada dormitorio, tanto xuvenís coma de matrimonio



Tamén Vestidores e incluso Espazos de teletraballo

ASESÓRATE CON NÓS!

PLAmoble

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

O Concello acondiciona un aparcadoiro diante do CEIP Ramón Falcón

O Concello de Castro de Rei comezou as obras de construción dun aparcadoiro diante do colexio Ramón Falcón. Trátase dun espazo público para contedores e para que os coches que aparcan na acera o fagan alí. Actualmente estase desescombrando pero aínda tardará en estar listo. Pola súa banda, os socialistas de Castro de Rei felicitan ao Goberno Municipal pola esta área de aparcadoiros. O voceiro socialista, José Luis Tellado, lembra que na sesión plenaria do pasado mes de xullo do 2019, o Grupo Socialista propuxo nunha emenda in voce, para que se destinara este espazo para este fin. Tellado advirte que ao PP de Castro de Rei por aquelas datas non lle parecerá axeitado este

emprazamento e rexeitara esta proposta. "Pero unha vez máis o sentido común volta a poñerlos a cada un no seu lugar, e o que antes non valía, hoxe parece ser unha realidade, por iso congratulámonos deste cambio de postura aínda que chegue 2 anos tarde", replicou.

O Grupo Socialista de Castro de Rei propuxo a zona de aparcadoiros do Colexio Ramón Falcón "pola gran afluencia de servizos que se concentran nesta zona, como son o colexio ou a residencia, dous puntos no que se reúnen moitos usuarios e usuarias. Polo tanto esta nova dotación de aparcadoiros é algo que precisabamos á veciñanza, e valoramos o cambio de actitude do Goberno do PP", dixo Tellado.

Firma do convenio para completar o abastecemento de auga a Castro

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, asinou co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, o convenio de colaboración para completar a mellora da rede de abastecemento de auga potable do municipio, que suporá un investimento de 400.000 euros.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 320.000 euros. O Concello de Castro de Rei contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 80.000 euros.

As actuacións, cun prazo de execución de seis meses, serán financiadas no marco do Eixe REACT-UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á covid-19.

Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia estará en disposición de licitar as obras, para o que é preciso a consecución da documentación municipal comprometi-

da, que inclúe someter o proxecto a información pública, así como pór á disposición os terreos necesarios.

As obras mellorarán as condicións de presión na rede de abastecemento no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e no polígono industrial, para evitar os problemas de abastecemento que se producen en época estival.

PRIMEIRA FASE. Trátase dunha nova actuación, que lle dará continuidade as obras da primeira fase contratadas por Augas de Galicia, aprobadas nun convenio anterior co Concello, e que supoñen un investimento de preto de 630.000 euros.

Nesta primeira fase construíranse 2 tramos de tubaxe de abastecemento de polietileno de alta densidade no núcleo de Castro de Ribeiras de Lea e inmediacións do termo municipal. Proxéctase tamén a execución de varias arquetas de formigón armado

para aloxar as ventosas e desaugues proxectados, así como as conexións coa rede existente.

As novas actuacións complementarán a primeira intervención e centraranse na execución dun ramal que, partindo dun tramo de condución que se vai desenvolver na primeira fase, mellora a conexión co polígono industrial. Para acometer este ramal, emprégase unha condución de 1.529 metros con tubaxe de polietileno de 225 mm de diámetro.

A solución proxectada por Augas de Galicia deixará preparado para as actuacións que poidan ser necesarias cara ao futuro.

O proxecto no seu conxunto dará servizo a preto de 2.600 habitantes desta contorna para o ano 2040.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.

A ITV móbil agrícola estará en Castro Ribeiras de Lea no mes de xuño

A unidade móbil da ITV estará entre os días 3 e 4 de xuño en Castro de Rei e do 7 ao 11 en Castro Ribeiras de Lea para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas.

Para poder recibir este servizo é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

Presentan o libro 'O mundo nun puño de remol'

O próximo 3 de xuño ás 18:00 horas coincidindo coa celebración dos cento vinte e cinco anos do nacemento do poeta Xosé Crecente Vega, terá lugar en Castro de Rei a presentación do libro *O mundo nun puño de remol* (poesía póstuma).

Esta obra, publicada pola editorial Espiral Maior, a iniciativa Comisión Crecente Vega e co apoio do Concello de Castro de Rei, recolle os poemas inéditos do autor, gran referente da poesía galega.



Castro solicita unha axuda económica para a redacción do Plan de Protección



Unha vista da zona de protección de Castro de Rei

O Concello de Castro de Rei solicitou á Dirección Xeral do Territorio e Urbanismo unha axuda económica para acometer a redacción do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico de Castro de Rei por vía de convenio ou similar.

Dende o Concello preténdese poñer en valor o conxunto histórico de esta localidade chairega, declarado por decreto o 4 de febreiro de 1971, a través do planeamento de crecemento, co que se pretende poñer en valor e protexer o urbanismo e as edificacións para marcar as pautas do crecemento respectuoso.

Na ordenanza do Conxunto Histórico, que consta no PXOM, recóllese a obriga da redacción dun Plan

Especial de Protección (PEP) neste ámbito delimitado. Ademais, mentres non se aprobo definitivamente o Plan de Protección, a concesión de licenzas precisará da expresa autorización da Consellería competente; non podendo facerse modificacións nas aliñacións e rasantes existentes, incrementos ou alteracións do volume, parcelación nin agregacións e en xeral cambios que afecten á harmonía do conxunto.

O Concello está a iniciar o proceso de licitación para a redacción do plan especial, e estima que os custos deste proxecto poden oscilar entre os 50.000 e os 60.000 euros, para o que se solicitou a correspondente axuda económica á Xunta de Galicia.

Restaurante SUSO

Plaza de Galicia, 7 - Castro Ribeiras de Lea (Lugo) - Tlf. 982 310 037 - www.restaurantesuso.com - E-mail: info@restaurantesuso.com

Ven a degustar a nosa carne à grella de vaca limiá

ESPECIALIDADES
Ameixas à marifeira, anguías, bacalao portugués, carnes à grella e à pedra...

Menú do día - Menú Fixo de Semana
Ameixas, viños e tapas
Pastos combinados, Pizzas caseiras
Hamburguesas

Salón con capacidade para 120 persoas

FRAPÉLLA

CAFETERA DE ÉPOCA

CASCADA SOBRE POZO

Salón con capacidade para 75 persoas

O parque empresarial de Muimenta ampliarase



O parque empresarial de Muimenta, sufrirá un proceso de ampliación no que se investirán preto de 145.000 m² distribuídos nun total de 54 novas parcelas.

O Plan sectorial de ordenación territorial de áreas empresariais recolle esta actuación, que suporá definir unha área empresarial para Muimenta e a súa comarca cunha superficie total de máis de 180.000 m². Deste xeito, o Concello de Cospeito recibirá un pulo decisivo de cara ao futuro, tanto a nivel empresarial como laboral, tendo en conta que a ampliación prevista suporá practicamente cuadruplicar a superficie

actual deste polígono.

O parque de Muimenta, que leva en funcionamento desde o ano 1999, conta cunha superficie de 37.000 m² distribuídos en 22 parcelas que xa están vendidas, polo que a falta de superficie dispoñible xustifica a ampliación do mesmo, segundo explicou a conselleira.

A ampliación executarase en tres fases, para sumar en total case 145.000 m². Na actualidade, xa se están a impulsar as obras relativas á primeira fase, licitadas no mes de febreiro por 1,3 millóns de euros e que suporán a construción de 15 novas parcelas de entre 700 e 1.525 m².

Investirán en melloras no centro de maiores

A Xunta de Galicia investirá 31.500 euros en diversas obras de mellora do centro de día para persoas maiores, pertencente á rede pública autonómica. O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, anunciou esta actuación durante unha visita ás instalacións.

Perfecto Rodríguez enmarcou esta intervención no compromiso da Xunta para manter en condicións óptimas este centro, con máis de once anos de antigüidade, ao tempo que explicou que esta se axusta ás necesidades comunicadas polo propio Concello. Neste sentido, explicou que estas obras son unha mostra máis da aberta e permanente colaboración da Administración autonómica coas entidades locais co fin de que as galegas e galegos teñan uns servizos de calidade e dispoñan das mellores infraestruturas.

Os traballos, que executará o

Concello e financiará o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar mediante a compensación das liquidacións que corresponden por este servizo público, mellorarán tanto as condicións de illamento e impermeabilidade do inmovible como o benestar dos seus usuarios.

En concreto, eliminaranse as humidades e filtracións detectadas en varios espazos do centro, como no ascensor, nas escaleiras e nas terrazas. Así mesmo, substituirase a iluminación da sala de estar e do comedor da planta baixa; e na primeira planta colocarase tarima e rodapés novos, e ademais pintaranse as zonas de actuación. Por último, procederase á limpeza das fachadas e terrazas.

O centro de día conta con capacidade para atender a 40 maiores. Na actualidade ten 28 persoas usuarias procedentes tanto deste concello como doutros da contorna.

Aberta a votación do concurso de fotografía con motivo da Festa da Filloa de Muimenta

Por segundo ano consecutivo o recinto feiral Manuel Vila non acolleu presencialmente a Festa da Filloa de Muimenta – Festa de Interese Turístico de Galicia. Para non esquecerla, dende a Moexmu convocaron un concurso de fotografía, coa temática da filloa, que repartirá un total de 150,00 euros entre as dúas fotos máis votadas.

O concurso estivo aberto a calquera persoa maior de idade, cun máximo de dúas fotos, aínda que só poderá gañar un premio. As fotos, con cámara ou móbil, xa está inscritas baixo a única esixencia, versar sobre a filloa.

Agora é o tempo das votacións a través das redes sociais, que poderán facerse ata o 17 de maio.

As dúas fotos con máis likes serán as gañadores dos vales por valor de 90,00 e 60,00 euros, respectivamente, a gastar nos negocios de Muimenta.

Posteriormente xestionarase a entrega de premios aos dous gañadores.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Pais de Baamonde fan o Camiño en protesta polo peche do colexio



A marcha rematou no ceip de Baamonde, onde se concentraron

Un grupo de pais e veciños de Baamonde uníronse á nova mobilización organizada desde a Federación de Anpas da Provincia de Lugo (Fapacel) e a Coordinadora de Anpas Galegas, para esixir ao Concello de Begonte e á Xunta de Galicia que non pechen o colexio de Baamonde.

Esta vez, a protesta consistiu na realización dun tramo do Camiño de Santiago con ditas reivindicacións, que se fundamentan tamén en alertar sobre o desmantelamento do rural.

Nesta iniciativa participou tamén a Anpa de Baamonde e a asociación de veciños local, impulsoras de todas as iniciativas postas en marcha dende que se deu a coñecer o proxecto presentado polo alcalde de reunificar todo o alumnado en Begonte e utilizar as instalacións de Baamonde para albergar unha escola e música comarcal.

Os asistentes realizaron un tramo do Camiño de Santiago de 18 quilómetros desde a praza de Santa María de Vilalba, á primeira hora da mañá, ata Baamonde, onde se concentraron fronte ao colexio.

A marcha foi recollendo simpatizantes polo camiño, especialmente en Insua, onde se xuntou un grupo numeroso.

Entre os asistentes, ademais de alumnos e membros das entidades convocantes, estiveron as alcaldesas de Vilalba e Guitiriz, Elba Veleiro e Marisol Morandeira; o deputado provincial Pablo Rivera Capón, a deputada do PSOE por Lugo no Congreso Ana Prieto, José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, ou o deputado autonómico do BNG Mini Rivas.

A anpa continúa enviando misivas ao conselleiro de Educación para que os reciba e falar do peche.

Amplíase o horario do servizo de conciliación no Virxe do Corpiño

O Concello de Begonte ampliou o servizo de conciliación do CEIP Virxe do Corpiño, que adiantará o seu horario para favorecer a axuda familiar.

Así, polas mañás será de 8.00 ou 7.45 horas segundo as necesidades familiares, e ofrecerá tamén o servizo de tarde a partir das 16.00 horas que é cando remata a xornada lectiva. Esta ampliación entrará en vigor no próximo curso escolar, tal e como avanzaron dende o centro, no que se están a realizar unha serie de melloras para ampliar a súa capacidade de alumnado.

EDUCACIÓN DIXITAL. O CEIP Virxe do Corpiño resultou seleccionado para implementar o Proxecto de Educación Dixital (EDixgal) a partir do vindeiro curso 2021/2022.

O alumnado de quinto e sexto de primaria cursará todas as materias en modalidade dixital, sen empregar libros en papel. Para iso, as aulas serán dotadas con encerados dixitais interactivos e cada alumno recibirá un ordenador portátil para o seu emprego na aula e na casa durante todo o curso. As familias veranse beneficiadas cunha maior alfabetización dixital na súa contorna ademais dos aforros en material.

Abre o prazo das axudas á creación ou rehabilitación de vivendas

O Concello de Begonte ten aberto o prazo e solicitude das axudas para as obras de conservación, rehabilitación ou nova construción de vivendas.

É obxecto desta convocatoria a regulación da concesión de subvencións establecidas polo concello de Begonte e destinadas ao fomento de construción de obra nova ou de conservación e rehabilitación de vivenda no termo municipal de Begonte, co obxectivo final da mellora da edificación e contribución á reactivación económica do municipio e fixación

da poboación.

Poderán ser obxecto de axuda económica tanto as obras de conservación e rehabilitación de inmobles deshabitados como as obras de nova construción de inmobles destinados a vivendas unifamiliares.

Poderán ser beneficiarios da axuda ou subvención as persoas físicas que leven a cabo a construción ou a conservación e rehabilitación dunha vivenda co fin de destinala á súa residencia habitual e que cumpran as condicións esixidas nestas bases e na correspondente ordenanza regula-

dora. O destino do inmovible obxecto da subvención como vivenda familiar habitual deberá manterse polo menos durante o período de 5 anos. O prazo de presentación remata o 31 de decembro.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Begonte utilizando o Anexo Solicitud ou por vía electrónica a través da Sede Electrónica do Concello de Begonte, utilizando o trámite destacado denominado Subvención para obras de conservación e rehabilitación ou de nova de construción.

En marcha unha nova iniciativa polas Letras Galegas

O Concello de Begonte pon en marcha unha nova iniciativa para celebrar o día das Letras Galegas 2021 que este ano está adicado á escritora sarriá Xela Arias. Pódese enviar un refrán galego (texto con debuxo, con fotografía ou simplemente o teu refrán escrito nun papel) entre o 10 e o 17 de maio a cultura@concellodebegonte.es ou por whatsapp ao 619 455 016. Compartiranse as propostas nas redes sociais municipais e todas terán un agasallo.



Organizan no verán un campus de fútbol sala e outro de patinaxe

O Concello acollerá do 28 de xuño ao 9 de xullo unha nova edición do campamento de verán que contará tamén coa celebración do IV Campamento Mixto de Fútbol Sala.

O Concello establece un total de 50 prazas para as que xa está aberta a inscrición, que poderá facerse ata o 15 de maio. Para apuntarse haberá que facelo a través de Cluber.

O campamento está dirixido a nenos de 4 a 16 anos e contará con actividades diversas, como surf, tiro con arco, pista de xeo, paintball láser, multideporte, parque acuático, kayak e fútbol sala.

O horario do campamento será de luns a venres de 9.30 a 13.30 horas con servizo de madrugadores. Os que desexen máis información poden poñerse en contacto coa organización no teléfono 629 958 973.

Tamén celebrará no mes de xullo un campus de patinaxe. Este terá lugar do 12 ao 16 de xullo en xor-



nada de mañá, entre as 9.00 e as 14.00 horas, e está dirixido a rapaces e rapazas de 3 a 16 anos.

Terá un custe de 25 euros para o público en xeral e de 20 para os empadroados, escolarizados ou participantes nas escolas deportivas. O prazo para anotarse abrirá o 18 de maio e poderá realizarse a través da sede electrónica do Concello.

EN BREVE

PADEL. Remataron os traballos de construción da pista de padel, financiada cunha aportación da Secretaría Xeral para o Deporte, na que se investiron 20.000 euros. Isto supón o 80% do orzamento da obra -cifrado en 25.000 euros-, achegando o concello os outros 5.000 euros.

ESTRADAS. Remataron as obras que se executan na parroquia de Gaibor e en breve se reformará o camiño en Saamil e se levará a cabo o arranxo do da Hedreira. Trátase de tres proxectos para o acondicionamento de seis quilómetros de camiños cun investimento de 164.400 euros. No camiño de Gaibor arranxáronse 1,8 quilómetros que inclúen a traza principal, entre a zona do campo da feira ata a intersección coa LU-541.

CERCUD. O Cercud de Baamonde, pon en coñecemento que vai arrendar o chiringuito e a terraza situada na praia fluvial de Baamonde para a súa explotación durante o período estival 2021. O prezo a pagar polo arrendamento establécese nun mínimo de 600 euros e fíxanse uns horarios de apertura mínimos, durante todos os días do arrendamento que serán en xuño de 13 a 20 horas e xullo e agosto de 12.30 a 20.30 horas e como máximo ás 22.00 horas. Pódense consultar as bases na seguinte web: <http://cercud.es/bases-chiringuito/> e o prazo de presentación de proposicións finaliza o 31 de maio de 2021.

DAMIL. A capela de San Vitorio, na parroquia begontesa de Damil, acollerá o vindeiro domingo 16, ás 13.00 horas, unha celebración relixiosa como único acto da súa tradicional romaxe, que non se celebrará este ano debido á pandemia. A misa terá lugar ás 13.00 horas e respectaranse as medidas anti covid.

O Contencioso falla en contra de Erimsa no litixio co Concello

A sala segunda do Tribunal Contencioso Administrativo de Lugo ditou unha sentenza pola que desestima o recurso presentado pola compañía mineira Erimsa contra a denegación do permiso de explotación do proxecto Alicia 5917 por parte do Concello da Pastoriza; e contra o Sindicato Labrego Galego, que compareceu no proceso como parte interesada.

O Concello da Pastoriza denevou o permiso de explotación na concesión Alicia 5917 -que afecta os concellos de Abadín, Castro de Rei, A Pastoriza e Vilalba-, alegando que a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) estaba caducada (data do ano 2005) e que o informe da Consellaría



Imaxe de arquivo dunha reunión da comisión de minas

de Medio Rural era negativo ao pretender realizarse as extraccións de seixo en solo rústico de especial protección agropecuaria no que se fixeron grandes investimentos en procesos de concen-

tración parcelaria. Ademais de desestimar o recurso de Erimsa, a xuíza María de los Ángeles Braña tamén impuxo o pagamento das costas do proceso xudicial á compañía mineira.

A celebración das Letras Galegas redúcese a un concurso literario

Dada a situación epidemolóxica que se está a vivir, o Concello da Pastoriza non celebrará actos presenciais co gallo das Letras Galegas. O que si fará será un concurso literario para o estudantado local e unha entrega de camisetas e máscaras coa imaxe da autora homenaxeada este ano, Xela Arias. Así mesmo, a finais deste mes abrírase a exposición *Nós tamén fumos emigrantes* na biblioteca municipal grazas a un convenio asinado polo alcalde e os representantes culturais de Abanca.

Nós tamén fomos emigrantes recolle unha antoloxía de imaxes dos arquivos da Axencia EFE que posúe un dos fondos fotográficos máis importantes de España sobre a emigración galega e española. Son retratos próximos que narran as circunstancias vitais da xeración das nosas nais e pais e tamén de avós e avoas, que abandonaron a súa terra en procura dun futuro mellor.

“A exposición preséntanos, en branco e negro, unha síntese das nosas emigracións plasmada por fotoperiodistas de EFE”, di o autor.

Continúan co desbroce de pistas e camiños

O Concello da Pastoriza continúa reparando e desbrozando as pistas de concentración parcelaria sin asfaltar que dan acceso a parcelas agrícolas. En maior ou menor medida actuouse practicamente en todas as parroquias, fixéronse drenaxes de auga, desbroces e reafirmados con zahorra.

Coa chegada do bo tempo, co-

mezaron a traballar nas vías de asfalto, co desbroce delas e nos próximos días van iniciar tamén o bacheo. Segundo explica a concelleira de Medio Rural, Elva Carrera continuarán con varias obras de asfaltado. Nos próximos días iniciarán o proceso de contratación para iniciar as reparacións o antes posible.

Recollida de plásticos de silos

O Concello da Pastoriza pon en marcha a recollida de plásticos de silos porta a porta. Será na explotación que o solicite os días 25, 26, 27 e 28 de maio.

Os usuarios que estén interesados na recollida de plásticos de silo deberán poñerse en contacto co teléfono 982 332 197, onde será anotada a solicitude e pasarase a recoller nos días seguintes, segundo a ruta que lle corresponda, e baixo os seguintes condicionados: Os plásticos deberán estar depo-

sitados nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e dentro da explotación. Non se poderán depositar en bens de uso ou dominio público, lembrando a prohibición de depositalo nos contenedores de lixo ou ao seu carón.

Os plásticos deberán ir limpos de terra (só plásticos de silo, non se aceptarán nin cordóns, nin garrafas, nin calquera derivado da actividade agrícola).

O Concello inviste en traballos de limpeza e acondicionamento



Estado no que quedaron as instalacións municipais

Os operarios municipais do Concello da Pastoriza están a efectuar a limpeza e acondicionamento de diferentes puntos verdes e de servizo de augas do termo municipal. Así, nos últimos días acometeron a limpeza e roza da praia fluvial de Baltar, limpeza dos depósitos da auga en Fontemiñá, Pousada e Gueimonde. Así mesmo, fíxose a limpeza da estación de bombeo de Fontemiñá e rematouse coa roza da fonte

de Foxaca e o arranxo do acceso á traida de auga da balsa de Loboso.

Continuaron coa limpeza do paseo de Bretoña, a limpeza e roza do aparcadoiro igrexa da Pastoriza, limpeza de rúas e da praza de Bretoña, e a limpeza da estación de bombeo do Carrizal.

Por outra banda, realizouse a roza no colexio de Bretoña e o acondicionamento no Carrizal dunha bomba para a balsa de auga.

Reparto de libros nos centros educativos



O Concello celebrou o Día do Libro repartido exemplares do libro *Naturalmente... Terra Chá*, unha publicación patrocinada polo GDR que fai un percorrido polos distintos concellos da comarca, falando da súa historia, patrimonio, gastronomía e

rutas. Os libros foron entregados aos distintos centros educativos do termo municipal para a consulta dos rapaces. A publicación, cedido ao Concello polo GDR serve de promoción turística da toda a comarca e posta en valor de cada municipio.


CHAIREGOS
 SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
 (O Ramal) Rábade
 Telf. 982 871 103

URXENCIAS
 24 HORAS



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323 redaccion@terrachaxa.com

O Concello reparte as axudas aos hostaleiros afectados pola covid

A Xunta de Goberno local do Concello de Riotorto aprobou as axudas anunciadas á hostalaría local e que consisten nunha subvención directa a cada local de 1.200 euros.

O Concello comezou xa a facer o pago desta axuda coa que se pretende paliar os efectos eco-

nómicos derivados do peche dos locais durante a cuarentena do coronavirus. O alcalde xa anunciou a intención de dar estas axudas deixando o tempo de espera mentres se preparaban as bases.

O obxectivo é chegar a todos os locais hostaleiros e seguindo a liña de moitos outros concellos.



OBRAS. O Concello rematou as obras de acondicionamento da Fonte de Folgueirúa que consistiron no embelecemento do lugar e a adecuación dun desaugadoiro. Así mesmo, procedeuse ao aglomerado de 2 km de pista municipal desde Abelleira(Santalla) a Lamas(Vilaseca).

Veciños de Órrea levan á Valedora os regulamentos da corta de madeira



Vista de Santa Comba da Órrea

A asociación de veciños de Santa Comba da Órrea, en Riotorto, vén de comunicar que presentaron catro queixas diante da oficina da Valedora do Pobo, cada unha delas dirixida respectivamente aos concellos de Riotorto, Meira, A Pontenova e A Pastoriza.

Nestas queixas solicítalle a Valedora que medie ante os concellos para que contesten ás alegacións presentadas pola asociación e “non se limiten a dicir se a taxa é legal ou non”, din dende a asociación.

Lémbrese que a asociación está convencida de que as persoas pequenas propietarias van acabar pagando 300 euros por hectárea cortada.

Ademais, pídenlle que interceda para que a taxa sexa retirada, tal e como esta asociación solicitou reiteradamente, xa que “só vai significar un imposto novo encuberto e vai contribuír ao abandono progresivo do monte coas repercusións económicas e ambientais que iso traería consigo”, engaden.

A Deputación investirá en obras preto de 300.000 euros

O Grupo Socialista avanzou que a Deputación de Lugo realizará un investimento económico no Concello que ascende a un montante total de 296.036, a través do Plan Único.

José García remarcou que se realizarán melloras viarias nos accesos a Vilaseca e Ferreiravella. Tamén se executarán melloras nos accesos desde Vilar de Meilán a Espasande de Arriba, así como núcleos de Lorigados e os accesos ao cemiterio de Santa Marta. Con outros 25.000 euros adicaranse ao servizo de Axuda do Fogar para atender aos nosos maiores, e con 59.273 impulsaremos o emprego do Concello. Dentro deste orzamento tamén esta prevista unha partida de 1.500 euros para as actividades das escolas deportivas.

O voceiro agradeceu o compromiso do Goberno que preside José Tome coas veciñas e veciños de Riotorto. “A nosa vila precisa de investimentos e proxectos que dinamicen e impulsen as nosas parroquias, máxime nun contexto como o que estamos vivindo coa pandemia do covid. Por iso é moi necesario este investimento no noso Concello para mellorar a calidade de vida de toda a veciñanza”, explicou o socialista.

BREVES

CURSO HIXIENE POSTURAL. O Concello acolle un curso de mobilizacións e hixiene postural que será o martes 25 de 16.30 a 20.00 horas. Con este taller o que se pretende é proporcionar os coñecementos básicos que aplicados no día a día que farán que o coidador familiar optimice os seus esforzos, ao mesmo tempo que realiza as súas tarefas de atención e coidado á persoa en situación de dependencia, como mobilizacións, transferencias e cambios posturais.

CURSO CONSTRUCCIÓN. O venres 14 comezará un curso de prevención de riscos na construción. Un curso da Fundación Laboral da Construción que será en horario de 9 a 15 horas. Haberá un máximo de 25 persoas.

MAXIA. O Concello acolle o espectáculo de maxia *A igualdade non ten truco* a cargo de Magia en la manga, será o 26 de maio en dúas funcións, ás 11.00 e ás 12.30 horas. É un espectáculo de maxia familiar que tenta promover a igualdade de xénero a través da arte do ilusionismo e das vivencias das mulleres ilusionistas.

Entregados os novos títulos da parcelaria de Fanoi

O conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado do delegado territorial da Xunta, Javier Arias, e da directora xeral de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, presidiu a entrega dos 550 títulos de propiedade da concentración parcelaria de Fanoi, no concello lugués de Abadín, dando así por rematado este proceso.

A parcelaria de Fanoi, na que se investiron 1,8 millóns de euros, comprende unha superficie dunhas 650 hectáreas e beneficia a 250 propietarios, que viron como a superficie media das súas parcelas se multiplicou por catro coa reorganización deste terreo. Isto permitiu ampliar a base territorial das explotacións da zona, o que contribúe a unha diminución nos seus custos de produción. Neste sentido, salientou o conselleiro, pasouse de 2.500 parcelas iniciais a 550 fincas resultantes. Coa finalización deste proceso, a Xunta conseguiu reorganizar

preto de 3.000 hectáreas de superficie neste concello lugués, ao rematar un total de cinco parcelarias, e beneficiar uns 1.200 veciños. “Dende o Goberno galego apostamos e confiamos nestes procesos, pois son unha ferramenta fundamental para paliar o minifundismo presente na nosa comunidade, dende o punto de vista da estrutura da propiedade”, remarcou o conselleiro.

Neste senso, a Xunta destina neste ano 2021 máis de 12 millóns de euros para seguir avanzando nos 96 procesos que permanecen abertos. De feito, entre os anos 2020 e 2021 entregáronse máis de 9.500 títulos correspondentes a 12 parcelarias que beneficiaron a case 3.750 veciños.

A entrega de Fanoi súmase ás xa realizadas este ano nos concellos coruñeses de Touro, Coristanco e O Pino, nos lugueses de Riotorto, Castro de Rei e O Valadouro, e no ourensá de Baltar.

O Concello licita obras de aglomerado en varias parroquias

O Concello de Abadín está a licitar diferentes obras de actuación con cargo ao Agader e ao Fondo de Compensación, segundo informou o seu alcalde, José María López Rancaño. Así, con cargo ao Agader, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, investirán 84.814 euros que se destinará para o aglomerado de varias pistas e camiños como o de Lousida, en Cambia, a Fanoi, e a de Gontán de Arriba, en Quende.

Así mesmo, explica Rancaño, utilizarán varios remanentes das contratacións do Plan Único de 2020 para novas obras de aglomerado que nesta ocasión será para o camiño que vai de Fraias á igrexa de Quende, así como para o acondicionamento da Frouxeira. Tamén investirá os orzamentos do Fondo de Compensación, que ascenden a 269.720 euros en varias obras en viais que se licitarán en próximos días. Os traballos que se realizarán afectarán á rúa Real, en Abadín, acceso ao grupo escolar, variante de Abeledo, variante de Corvi-

te e na estrada desde o cemiterio de Moncelos a Xubín.

Ademais, investirase tamén en arranxar varios accesos, catro en Moncelos e núcleos da contorna e en Romariz, e tres máis no Curraíño. Finalmente tamén serán acondicionados un total de oito accesos a núcleos en Castromaior. Está previsto que as obras se inicien antes do verán, segundo indicou o alcalde.

EXPOGRELO.COM. A plataforma Expogrelo.com, posta en marcha polo Concello no mes de marzo, aumentou a súa tenda incluíndo as verzas no seu catálogo. Deste xeito, engaden un novo produto a tenda online e así incrementan as vendas da plataforma e non se centralizan tan só na venda do grelo, xa que a campaña desta verdura está practicamente rematada.

A plataforma de venda online conta con garantía de orixe, Indicación Xeográfica Protexida (IXP), e un amplo abano de destinos de envío.

Licitan a prestación de servizos na residencia de maiores

A Xunta de Goberno aprobou a licitación do contrato para a prestación dos servizos básicos do Centro de Atención a Maiores de Meira cun orzamento base de preto de 625.000€. Trátase dun contrato que inclúe os servizos de cociña, limpeza e asistencia e que terá vixencia por un ano, prorrogable por outro.

José Tomé asinou co alcalde de Meira o convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello para a posta en marcha do centro de maiores e a Deputación ten en licitación, por un orzamento de 300.000€, o contrato para a dotación de equipamento das instalacións.

O Centro de Maiores de Meira contará con 30 prazas de residencia, ampliables a 38 se fose preciso, e 20 de centro de día. A Deputación ten previsto abrir este centro no verán. Este ano tamén se prevé a posta en marcha da residencia de



O presidente da Deputación e o alcalde de Meira, no anuncio

Pedrafita do Cebreiro, antes do remate da primavera, e a de Navia de Suarna, de cara a final de ano. Deste xeito, a rede provincial pasará das cinco residencias actuais -Pol, Trabada, Ribadeo, Castrovverde e A Fonsagrada- a oito.

O presidente subliñou que a Deputación está a cumprir "os compromisos que temos cos concellos

en canto a residencias, pero creo que é conveniente recordar que, segundo o Estatuto de Galicia, as competencias en materia de asistencia social son da Xunta de Galicia. A pesar diso, o goberno autonómico non está transferindo nin un euro á Deputación de Lugo para o funcionamento deste servizo".

O Concello adquire unha finca no Pedregal



Unha vista do Pedregal de Irimia

O Concello adquiriu unha finca nas inmediacións do Pedregal de Irimia co obxectivo de destinala a diferentes actuacións para a posta en valor da zona. Así o anunciou o alcalde, Antonio de Dios, quen indicou que a finca porase a disposición da Confederación Hidrográfica para futuras actuacións. O obxectivo final será a construción dun paseo fluvial no río Miño ao seu paso polo municipio. A compra da finca está financia-

da pola Deputación en base a un convenio e xa foi rematada a transacción, que tivo un custe de 47.000 euros, dos cales, a Deputación aporta algo máis da metade, 25.000, e o Concello do resto (22.400 euros).

A zona do Pedregal de Irimia foi recoñecido como o lugar de nacemento do río Miño, situado na Serra de Meira. É un enclave hidrográfico natural situado a tres quilómetros da vila.

Contratan a segunda fase das obras da traída de auga á Corota

O Concello de Meira rematou a licitación da segunda fase das obras da traída de auga á Corota á que se presentaron cinco empresas e espera poder iniciar as obras como obxectivo de ter rematadas as obras antes de que finalice o ano "tal e como nos comprometimos", explica o alcalde, Antonio de Dios.

Dende o Concello anuncian que a primeira fase das obras está

a piques de rematar "con algo de retraso ao previsto debido á pandemia". Unha vez contratadas as obras e rematadas darase por finalizado este proceso de dotación de servizos.

As obras teñen un orzamento de 57.676,21 euros e licítáronse por un total de 69.788,21 euros. Os cartos irán con cargo ao Plan Único da Deputación para o ano 2021.

Convocado un novo Certame de microrrelatos do IES

O IES Pedregal de Irimia convocou, aproveitando o Día do Libro e por segundo ano consecutivo, un certame de microrrelatos, un proxecto literario creado o ano pasado para que os alumnos participen dende as súas casas. Ademais, do alumnado do centro tamén están convocados os estudantes de 5º e 6º de Primaria nos Ceip Avelino Díaz de Meira e tamén os ex-alumnos e ex-traballadores do IES.

O concurso consiste na redacción dun microrrelato, en lingua galega, que deberá entregarse como data límite o 17 de maio, día das Letras Ga-

legas. A temática este ano será libre. Haberá cinco categorías, unha por cada ciclo (5º e 6º de primaria, 1º e 2º de Eso, 3º e 4º de Eso, BAC e adultos). O traballo non deberá exceder dunha páxina e debe enviarse por correo electrónico mecanografiado a bibliotecapedregaldeirimia@gmail.com.

Haberá un gañador por categoría, que recibirá agasallo conmemorativo, un lote de libros e o correspondente diploma acreditativo. Os traballos premiados, entre os que pode haber algún accésit, serán publicados na páxina web do IES no blog.

Meira estrea nova web

O Concello de Meira vén de estrear unha nova web, que ten o dobre obxectivo de informar da actualidade municipal aos veciños, así como servir de escaparate publicitario, dándolle prioridade á imaxe. Totalmente renovado, o novo portal de Meira ofrece algunhas novidades como unha maior visualización dos rincóns singulares do municipio, tanto dos máis coñecidos, como daqueles outros que están comezando a poñerse en valor. Así mesmo, conta cun apartado de información no que se van subindo as novidades que se ofrecen dende o ente municipal.

Dan unha especial relevancia ao apartado cultural, no que destacan o labor de entidades como a esco-

la de música ou o colectivo Avelino Díaz; e crearon tamén un apartado para a Vía Rexia, explicando a súa formulación e percorrido, xa que Meira é un dos concellos incluídos nesta ruta alternativa ao Camiño.

Tamén conta cun amplo directorio de empresas, creado para impulsar os negocios locais e no que foron os propios empesarios os que se anotaron cando o Concello fixo a invitación o ano pasado.

"Non están todos pero si todos os que quixeron estar", subliñan dende o Concello, que fixo unha división por sectores para poder localizar mellor o tipo de negocio que se busca. A web contou cun orzamento de 6.000 euros e está aínda rematando detalles.

A ITV móbil agrícola estará na vila en maio

A unidade móbil da ITV entre os días 26 e 28 de maio en Meira para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada na rúa Fray Vidal (urbanización O Carballal). As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás o 28, que atenderán só en horario de mañá.

Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

A unidade de turismos estará tamén entre o 27 de maio e o 3 de xuño no Concello co mesmo horario de atención, agás os días 2 e 3, que será só de mañá. A unidade estará situada na área recreativa de Meira (urbanización o Carballal).

ATABERNA

T: 982 510 061
[facebook/ataberna.vilalba](https://facebook.com/ataberna.vilalba)
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA
 OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES
 REVUELTOS FRECUENTE COMIENZA ALCO PARA PICAR
 HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO FRESCAS DE VERANO
 ENSALADAS PASTAS RAXO PATATAS SABOREAR TORTILLAS
 PARA COMPARTIR TAPAS

LETRAS GALEGAS: XELA ARIAS

A poeta que ía por diante do seu tempo e conectou coas xeracións do século XXI

Unha autora singular, que contribuíu a renovar a poesía galega dos anos 80 en temas, estilo e forma

Xela Arias Castaña naceu en Lugo o 4 de marzo de 1962 como María de los Ángeles, aínda que os seus pais inscribiron o seu nacemento en Sarria, e foi chamada Xela desde pequena.

Para cando puido revatirle a un xuíz que o seu nome privado e público era Xela, este autorizoulle o troco, e así pasou a ser Xela Arias, a escritora que todos coñecemos.

Foi unha poetisa, tradutora en varias linguas, editora, e profesora galega, ligada a Edicións Xerais de Galicia, coñecida polas súas obras *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*.

VIDA. Os seus pais foron Valentín Arias López e Amparo Castaña López. As terras das familias paterna e materna estaban nas parroquias de Maside, Ortoá e Meixente (lugares da Vilerma, Barreiros e Mouzós). Foi criada en galego e estudou na Granxa de Barreiros, no Colexio Fingoi de Lugo, entre os catro e os sete anos. En 1969 a familia mudouse a Vigo, por ser destinado o pai como mestre á escola de Moledo, en Sárdoma, hoxe CEIP Sárdoma-Moledo. En 1976 ingresou no Instituto Castelao do barrio do Calvario pero facendo o COU abandonou os estudos, e comezou a traballar en Edicións Xerais de Galicia, desde o seu nacemento en 1979, canda Xulián Maure Rivas e Roberto Pérez Pardo, primeiro como oficinista, despois en creación e investigación e de 1990 a 1996 como correctora de estilo e editora.

TRAXECTORIA. Dende 1980 publicou en xornais e revistas como *A Nosa Terra*, *Diario 16 de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Jornal de Noticias do Porto*, *Dorna*, *Tintimán*, *Carel ou Katarsis*, colaborou en publicacións como *Festa da Palabra Silenciada*, *Luzes de Galiza* ou *Boletín Galego de Literatura* e formou parte do consello de redacción de *Viceversa*, revista galega de tradución.

Participou nun recital poético nun acto contra a entrada de España na OTAN en 1982; en 1988 inscribiuse en Greenpeace; en 2002 participou nun recital en solidariedade cos afectados polo desastre do Prestige no MARCO; noutro Contra a Burla Negra, organizado por Pepe Álvarez Cáccamo e máis ela en febreiro de 2003; ese mesmo mes e ao seguinte, leu declaracións en senllas manifestacións contra a Guerra de Iraq.

En 1986 ingresou na Asociación de Escritores en Lingua Galega. En 1991 rexistrou as letras para o grupo musical Desertores e retomou os seus estudos, iniciando Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, licenciándose en 1996 pola Universidade de Santiago de Compostela, e iniciando a especialidade en galego-portugués. En 1996 Xela Arias publica *Darío a diario*, un libro de poemas dedicado ao seu fillo, que ofrece unha visión desidealizada e ao tempo fonda e entrañable da experiencia da maternidade.

No curso 1999-2000 comezou a exercer como profesora substituta de ensino secundario, de

lingua e literatura castelá, nos institutos Terra de Xallas de Santa Comba, Paralaia de Moaña, Valle-Inclán de Pontevedra, Xelmirez II de Santiago de Compostela e Valadares II de Vigo. En anos seguintes foi docente en Chapela (Redondela), A Sangriña (A Guarda) e Álvaro Cunqueiro (Vigo). A súa *Poesía reunida* publicouse en novembro do ano 2018, con edición, introdución e notas de Chus Nogueira.

TRADUTORA. Comezou o seu labor como tradutora na nosa lingua co libro *Contos ó teléfono* de Gianni Rodari (1920-1980), autor italiano e gañador do premio Hans Christian Andersen. Éste, era un texto realmente atractivo para a xuventude e, sobre todo, para unha escola que comezaba a recuperar o galego como lingua de ensino.

Tamén se animou co *O bosque animado* publicado en Edicións Xerais en 1987. O orixinal *El bosque animado* foi escrito por



outro galego, Wenceslao Fernández Flores, en 1943. Xa no ano 1988 un equipo formado por Valentín Arias López, pai de Xela; Xela Arias, María Xosefa Senín Fernández, X. Antón Palacio e Xavier Senín publicou *Don Quixote da Mancha*, da tradución da obra de Miguel de Cervantes. Esta foi a primeira versión en galego completa e publicada.

En 1993, viu a luz a obra de James Fenimore Cooper, *O derradeiro dos mohicanos*, a cal foi galardoada en 1994 co premio Ramón Cabanillas.

No ano 2000, Xela foi quen de facer a tradución de *Drácula*, de Bram Stoker.

Máis tarde, no 2003, chegou *As bruxas* de Roald Dahl e da man de Xela e Lidia Iglesias.

Ademais, traduciu a moitos máis escritores como Carlos Oroza, Camilo Castelo Branco, Jorge Amado, Juan Fariás, James Joyce, Vicenç Beltran, Jan Terlouw, Angela Carter, Charles Baudelaire e Jean Rhys.



A través da palabra, novos espazos



EXPOSICIÓN. A Casa da Cultura de Sarria acolle a exposición *Aquela nena de Sarria* dedicada á poeta Xela Arias. A mostra presentouse coincidindo coa data de nacemento da autora. Está composta por doce paneis, reflicte a época sarriana e lucense de Xela Arias, a súa querenza por Sarria e o rural, o seu vencello coa lingua galega e o empeño en que se recoñecese Xela como o seu nome real. A exposición complétase con fotografías aportadas pola familia da poeta e por unha serie de debuxos da pintora Sabela Arias. Ademais inclúe poemas de alumnos dos institutos Xograr Afonso e Gregorio Fernández de Sarria, así como de compañeiros poetas do municipio e do resto de Galicia. O colectivo Egeria organiza esta exposición, que terá carácter itinerante, coa colaboración do Concello de Sarria, a Consellería de Cultura e a Real Academia Galega. A recompilación levarase aos centros de ensino de Sarria para logo, despois do Día das Letras Galegas, iniciar o percorrido por outros concellos, tanto da provincia como do resto de Galicia.

RAG. A Real Academia Galega (RAG) vén de presentar a Primavera das Letras da poeta sarriana Xela Arias, á que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Trátase dun portal con recursos lúdicos e didácticos para achegar aos máis novos a obra desta autora que, segundo o presidente da RAG, Víctor Freixanes, representa “un vento novo” pola súa aposta por “unha lingua e cultura que miran cara ao futuro e as novas xeracións”.

A presentación tivo lugar este martes no CEIP de Sárdoma-Moledo, en Vigo, onde a galardoada estudou durante sete anos xunto aos seus catro irmáns, e o centro no que o seu pai exerceu o ensino durante 25 anos. Víctor Freixanes lembrou que

cando a figura da escritora, editora e tradutora Xela Arias, a quen el mesmo coñeceu, foi proposta para ser recoñecida no Día das Letras Galegas de 2021, “non houbo discusión”.

ACTOS CONMEMORATIVOS.

No marco da Primavera das Letras está previsto que se celebren distintos actos en Galicia. Entre eles, a presentación dunha serie de documentais de carácter biográfico, un concurso, unha exposición itinerante e outras accións para difundir a obra de Xela Arias.

CONCURSO

A Biblioteca Pública Provincial convocou o Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2021 na súa fase local.

Poderán participar todas as nenas e nenos dos distintos concellos con narracións en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha soa cara, sobre o tema: O dereito das nenas e nenos a participar na vida cultural. (Artigo 31 Convención sobre os Dereitos do Neno).

Tamén haberá unha categoría de debuxos, feitos sobre cartulina cun tamaño aproximado de DIN A4, sobre o mesmo tema.

Cada participante pode presentar cantos traballos desexe, mecanografados, escritos a máquina ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Cada traballo, acompañarase dunha folla co nome e os datos do autor ou autora.

Establécense tres categorías: A, ata 8 anos; B de 9 a 11 anos; C de 12 a 16 anos.

O prazo de presentación dos traballos rematará o venres 7 de maio ás 20 horas, debendo ser entregados nas bibliotecas municipais ou nos colexios de cada Concello.

O fallo do xurado local farase público na segunda quincena de maio. Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Nodal de Lugo.



TERRA CHÁ



Xermade e Guitiriz únense no compostaxe

Os concellos de Guitiriz e Xermade únense para levar a cabo un proxecto de fomento da compostaxe en ambos municipios, que vén de ser adjudicado a Alquiervas SL por un total de 26.551,53 euros.

O obxectivo deste proxecto é o de mellorar a prevención da fracción orgánica dos residuos municipais a través de tres eixos de actuación: sumando á compostaxe doméstica a 105 familias máis dos dous municipios e implantando a compostaxe escolar e a comunitaria.

No caso da compostaxe doméstica, que xa foi implantada en Guitiriz chegando a 80 familias pero Xermade aínda non conta cun programa deste tipo, ampliarase a outras 80 no municipio guitiricense e chegará a 25

familias de Xermade. O que se persegue é que, unha vez estea funcionando, sirva de modelo a seguir para que se sumen outros veciños.

Para a compostaxe escolar escolleuse o CEIP de Xermade, que conta con 70 alumnos e alumnas de infantil e primaria con comedor nas instalacións. Esta actividade servirá para sensibilizar aos máis pequenos sobre a importancia da xestión dos bioresiduos. Por último, a compostaxe comunitaria levarase a cabo en 3 zonas de Guitiriz con presenza de edificacións verticais e vivendas, sen xardín e con dispoñibilidade de zonas verdes municipais.

Este proxecto conxunto levará asociada unha campaña de comunicación e sensibilización.

A campaña Come Local chega a varios comedores escolares

Varios colexios da provincia súmanse este ano á campaña Come Local, nesta ocasión son o CPI Dr. López Suárez de Friol; CEIP San Cosme de Barreiros; CEIP Juan Rey de Lourenzá; CEIP Manuel Mato Vizoso de Vilalba e o CEIP Rosalía de Castro de Bóveda.

Esta segunda edición da campaña ten como obxectivo impulsar o consumo dos produtos agroalimentarios galegos con indicativo de calidade: as DOP (Denominación de Orixe Protexida), IXP (Indicación Xeográfica Protexida) e a agricultura ecolóxica de proximidade. Esta última será levada ás mesas dos comedores escolares participantes grazas á colaboración do Craega, que achegará diversos alimentos certificados, como carne de polo e hortalizas, entre outros.

Esta campaña desenvolverase ata o 31 de outubro. Nesta ocasión contará con formación e asesoramento aos responsables dos comedores.

Dúas parroquias de Friol e Castro inician a concentración parcelaria

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa xuntanza semanal tres decretos da Consellería do Medio Rural polo que se declaran de utilidade pública as concentracións parcelarias de San Xoán de Seoane de Pregación, no concello lugués de Friol; de Viladonga, no concello lugués de Castro de Rei, e de San Xulián de Poulo, no concello coruñés de Ordes. Deste xeito, mediante a reestruturación global dunhas 1.780 hectáreas relativas a estes tres procesos, veranse beneficiados 891 propietarios.

Así, trátase de tres novos decretos de concentración parcelaria que se declaran mediante a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), a cal busca aumentar a base territorial das explotacións e reducir considerablemen-

te os seus custos de produción.

Os tres procesos foron solicitados polos respectivos concellos, os tres eminentemente gandeiros, e, no caso dos dous da provincia de Lugo, tamén foron apoiados polos titulares das explotacións da zona. No caso da parroquia de Friol, hai un total de 12 explotacións, mentres que na de Castro de Rei son seis, de aí a necesidade de reorganizar o territorio para mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias da zona.

O pasado mes de marzo foron decretadas outras dúas parcelarias no concello lugués de Outeiro de Rei, que beneficiarán a 833 propietarios de catro parroquias e comprenden unha superficie de arredor de 2.000 hectáreas.

De cara á normalidade

A comarca supera a cuarta vaga do virus con pouca incidencia, e estrea novas medidas que implican a desaparición do estado de alarma e do toque de queda


Os expertos deron por concluída a cuarta vaga do virus, que tivo unha incidencia moito menor ao resto e deixou á Terra Chá sen moitos casos e pequenos gromos en concellos como A Pastoriza e Meira, que foron superados rapidamente, axudados polo avance da vacinación na provincia e o asentamento das medidas de protección ante o virus.

Así, a comarca encara o mes de maio coa satisfacción de seguir mellorando día a día nos seus datos, malia saber que en calquera momento a situación pode cambiar. Cada vez son máis os concellos que están limpos de covid e incluso se chegou a estar libre nas ucis.

Quedan agora dous concellos da provincia en alerta, A Pastoriza e Chantada, (no grao medio), xa que Meira volve o venres 14 á normalidade tras ter estado en alerta alta.

No primeiro caso non se superaron os dez contaxios mentres que en Chantada produíxose un gromo na residencia de maiores que desestabilizou as cifras, ata case chegar aos 30 casos

ESTADO DE ALARMA. O feito máis destacado foi o fin do estado de alarma o pasado domingo 9 de maio



que trouxo consigo a desaparición do toque de queda e do peche perimetral das diferentes comunidades autónomas, polo que se poderá entrar ou saír da comunidade sen ningún tipo de restricción aínda que Sanidade mantén un rexistro de viaxeiros no que deben anotarse as persoas chegadas desde unha zona de incidencia alta. Se viaxan con certificado de vacinación só teñen que certificar que recibiron a dose. Se non o teñen, fáiselles unha proba.

Outras das medidas que entran en vigor é que se amplían os horarios da hostalería que os bares e cafe-

terías poden abrir ata as 23 horas e os restaurantes ata a 1.00.

Quedan limitadas as reunións de non convivintes entre a 1.00 e as 6.00 horas en domicilios particulares. Ao mesmo tempo amplíase a actividade exterior nos centros de maiores, así como as visitas.

Tamén se permitirá o contacto físico nos centros de maiores.

Para os concellos da Pastoriza e Chantada, mentres estean en alerta media hai restricións específicas. Non teñen toque de queda e si liberdade de movementos. A hostalería pode estar aberta en terrazas ao 50% e en interiores ao 30%.

O servizo de Atención Temperá de Guitiriz, Xermade e Vilalba recibe unha subvención

Os concellos de Xermade, Guitiriz e Vilalba recibiron unha subvención da Xunta de Galicia para a posta en marcha dun Punto de Atención Temperá, ao abeiro da Orde do 11 de xaneiro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá publicada no DOG de 26 de xaneiro 2021.

Trátase dun servizo dirixido á poboación infantil de 0 a 6 anos, a súa familia e a súa contorna, co obxectivo de dar resposta o máis axiña posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presenten as crianzas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.



Reciben deste modo a concesión de 1.760 horas anuais para un equipo multidisciplinar formado por logopeda, fisioterapeuta e terapeuta ocupacional, que prestarán os seus servizos nos tres municipios, con cargo a esta subvención, de 34.236,61 euros. Deste xeito, as crianzas e as súas familias poden recibir esta asistencia nos seus municipios de residencia, sen necesidade de desprazarse á capital lucense.

DEPUTACIÓN

O Pleno pide que os concellos xestionen o 15% dos fondos covid

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que os concellos xestionen o 15% dos fondos de axudas para paliar os efectos da Covid-19, logo de que as entidades locais se viran na obriga de asumir competencias impropias durante a pandemia como a desinfección de centros educativos. Así se decidiu na sesión ordinaria do Pleno provincial do mes de abril, que se celebrou este martes, tras a proposta presentada polo grupo socialista.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, defendeu que “a loita contra a Covid ten suposto para os concellos atender novas necesidades da veciñanza nun contexto de incerteza e dificultade, no que ao devir sanitario foise sumando o impacto socioeconómico da pandemia”. “A Xunta de Galicia non deixou de esixir aos concellos que asumisen competencias impropias tan custosas como a desinfección dos centros de ensino ou

que controlasen medidas excepcionais como o toque de queda ou as limitacións á mobilidade, sen ter en conta as dimensións reais dos cadros de persoal da Policía Local ou Protección Civil”, manifestou a Deputada.

García Porto amosou o apoio do Goberno da Deputación a petición da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para que as entidades locais xestionen unha porcentaxe dos fondos Covid e apuntou que “a Xunta ten uns orzamentos de 11.500M€.

O Pleno provincial aprobou por unanimidade outra moción socialista para reclamar o traspaso ao Sergas dos servizos sanitarios municipais, que asumen, entre as súas funcións, incorporar sanitarios nos seus cadros de persoal e manter centros e infraestruturas destinados a ese fin, como os Servizos de Prevención e Asistencia a Drogodependentes (SPAD). Esta reivindicación

pretende reordenar as competencias e o gasto que se asume para desenvolverlas, facilitando que o conxunto dos servizos sanitarios corresponda ao organismo competente que é a Xunta.

Tamén aprobou a proposta do Goberno provincial para adherirse á Rede de Gobernos Locais pola Biodiversidade, unha sección da FEMP que aglutina pobos comprometidos co desenvolvemento sostible e a protección da diversidade de especies nos diferentes ecosistemas. A actividade da rede está dirixida ao impulso de políticas de conservación e incremento dos recursos naturais, á mellora do medio hídrico e da conectividade ecolóxica.

Finalmente, sacou adiante unha modificación de crédito para ampliar con remanentes o Orzamento en case 4,2M€. Esa cantidade poderá destinarse á cooperación cos concellos, a entidades sen ánimo de lucro ou ao tecido empresarial.

Abre o prazo para pedir os bonos Impulso

Xa está aberto o prazo para que os establecementos da provincia interesados podan adherirse aos Bonos Impulso dentro do Plan de Impulso da Economía da Provincia, coa que a institución provincial inxectará máis de 1,5M€ no comercio e na hostalería da provincia.

O Boletín Oficial da Provincia (BOP) publicou as bases do programa, abríndose un prazo de 15 días hábiles para que se anoten os establecementos interesados en participar. Poden adherirse todos os pequenos comercios, locais de hostalería e hospedaxe, sempre que desenvolvan a súa actividade en calquera dos 67 concellos da provincia. Non existe límite de establecementos, polo que todas as empresas e autónomos do sector poderán participar, tendo en conta que non se poderá canxear lotaría, bebidas alcohólicas non alimentarias nin tabaco.

Na páxina web da Deputación habilitase un espazo específico e visual onde os negocios poderán cumprir un formulario sinxelo para formalizar a adhesión. Así mesmo a institución provincial habilita o teléfono 982.260.204 e o enderezo electrónico bonoimpulso@deputacionlugo.org para calquera dúbida que poida xurdir durante o proceso ou sobre o programa.

Unha vez rematado o proceso de inscrición, a institución provincial publicará a listaxe de establecementos participantes e faralle chegar a cada local admitido un indicativo da súa adhesión no programa. Un cartel que deberá colocar nun lugar visible, facilitando así que a veciñanza saiba en que establecementos poderá canxear os Bonos Impulso.

A Deputación porá a disposición da veciñanza da provincia un total de 17.000 Bonos Impulso.

Sinalizarán os topónimos e lugares das vías provinciais

A Deputación de Lugo investirá 200.000€ na sinalización de topónimos e elementos de interese turístico e cultural nos 4.200 quilómetros de vías que configuran a rede provincial. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera, logo de que a Xunta de Goberno deste venres aprobase o programa que se fará en colaboración cos concellos para a instalación de carteis indicativos nas preto de 9.700 áreas habitadas de toda a provincia.

“Os concellos que queiran colaborar coa Deputación neste programa, deberán elaborar un listado de situacións de sinais por orde de prioridade”, explicou Pablo Rivera. Unha vez recibida a proposta municipal serán os técnicos da Deputación os que calculen os sinais que se poderán asignar cun custe mínimo de 2.000€ por concello. O importe restante do programa distribuirase en función do número de quilómetros de vías provinciais en cada concello. “No caso de que algún concello non colabore, a Deputación poderá sinalizar os elementos que considere necesario ou redistribuír o importe correspondente a ese concello noutros que considere necesario”, aclarou o Deputado.

Volve o plan Prende! Bota raíces no rural



A Xunta de Goberno local sacou adiante unha nova convocatoria do programa Prende! Bota raíces no rural, que pretende favorecer o emprego de mozos e mozas na provincia. A Deputación tomou esta decisión porque por culpa da situación xerada pola pandemia da covid-19 non se chegaron a cubrir todas as prazas.

Serán dúas liñas de axudas, unha para a contratación de 18 persoas por conta allea e outra para axudar a 2 persoas para crear empresas de economía social, como cooperativas, que estean inscritas no Sistema de Garantía Xuvenil. No primeiro caso, a Deputación financiará os custos salariais do 50% do Salario Mínimo Interprofesional, no se-

gundo, a administración provincial achegará o 75% do SMI vixente durante 12 meses. “Esta medida permite á mocidade do rural iniciar a súa vida profesional sen necesidade de cambiar a núcleos de poboación máis grandes, incentivando a contratación por conta allea e cuxa actividade se atope entre hostalaría e turismo, enerxía e auga, agricultura e gandería e medio ambiente”, explicou o responsable provincial da Área de Promoción Económica e Social.

As empresas dispoñen agora dun novo prazo ata o 30 de setembro de 2021 para solicitar a contratación de mozos e mozas que se incorporen aos seus cadros de persoal, contando con este financiamento.



A primeira actividade foi un curso de iniciación aos cogomelos

O programa Actívate fará actividades en 18 concellos

Presentouse o programa Actívate, unha iniciativa vencellada ao turismo activo, científico e mindfulness que se celebrará as fins de semana de maio e xuño ao longo de 18 concellos da provincia de Lugo. Este programa nace co obxectivo de dar a coñecer os recunchos de toda a provincia a través de propostas diferentes para realizar en familia, con amigos ou sós. Este novo programa dará prioridade á participación da veciñanza lucense, que poderán realizar actividades como a iniciación aos cogomelos de primavera ou barranquismo, que se celebrou o 1 e 2 de maio, pero tamén actividades de sendeirismo, de montaña, surf ou Tai Chi e ioga. Tamén está previsto que

se realice unha actividade nocturna de observación dos ceos no concello de Muras. Todas serán gratuítas. As persoas interesadas en participar nas dúas primeiras actividades xa poden inscribirse na páxina web <http://inscricions.deputacionlugo.org/gl/tema/activate>. Para máis información enviar un correo electrónico a atuaprovincia@deputacionlugo.org ou poden chamar aos teléfonos 982 260 011 ou 982 260 234. As inscricións ás seguintes actividades abriranse progresivamente todos os martes, con 10 días de antelación, ata completar o calendario. As actividades levaranse a cabo os sábados e domingos dos meses de maio e xuño.

DEPORTES

O Trail das Bestas abre a inscrición



O Concello de Muras segue adiante co seu plan de celebrar o 11 de xullo unha nova edición do Trail das Bestas, a cuarta, polo que xa está aberto o prazo de inscrición na web da organización e na plataforma de Galitiming.

Debido a presenza da pandemia, este ano, haberá unha serie de medidas e protocolos para facer do trail un evento totalmente seguro.

Unha das primeiras será que se realizarán saídas escalonadas de 4 corredores por minuto (1 por distancia). Estas horas de saídas serán adjudicadas por sorteo. Ademais, a recollida de dorsais e chips será con cita previa. Os corredores terán a obriga de usar máscara no primeiro e no último quilómetro. Ademais, as prazas estarán limitadas a cen corredores por distancia e 50 no maratón.

Guitiriz fará a pista de pádel na nave do Senpa



Unha vista da nave do Senpa, onde se fará a pista

O Concello de Guitiriz ven de adjudicar por 136.609 euros, financiados a través do Plan Único da Deputación de Lugo, a Galitec Desarrollos Tecnológicos SL o proxecto para a instalación dunha pista de pádel na nave do Senpa.

A pista estará delimitada por un peche acristalado e tan só se poderá contar con unha xa que o longo da nave non permite construír dúas, así que nese espazo sobranse faranse os vestiarios e tamén se habilitará unha zona de ludoteca dirixida aos máis

pequenos. O forxado dos vestiarios levará unha segunda altura, que permitirá acoller outros equipamentos deportivos como un ximnasio ou unha grada portátil.

Marisol Morandeira destaca que "Guitiriz é un pobo cunha gran paixón polo deporte e a creación dunha pista de pádel era unha demanda da veciñanza que, ademais, nos permite aproveitar as amplas instalacións do Senpa para usos sociais e deportivos". O prazo de execución é de 4 meses desde o inicio dos traballos.



Volve o Descenso internacional do Miño

O Club piragüismo Cidade de Lugo organiza o vindeiro día 16 de maio, domingo, ás 16:00 horas a LXIV edición do Descenso Internacional do Miño, que se ven celebrando dende 1951.

A saída terá lugar na Ponte Medieval de Rábade ás 16.00 horas e a meta estará situada na Ponte Romana de Lugo.

A Copa Miño ou Descenso Internacional do Miño de Lugo, nome co que popularmente se coñece a esta regata, é a segunda proba máis antiga das que se celebran en España, despois do Descenso Internacional do Sella. Desde os seus comezos esta cita deportiva espertou un gran interese entre a cidadanía lucense, de forma que contribuíu enormemen-

te á difusión e popularización deste deporte na cidade. Pódese afirmar que a Copa Miño foi a chama na que se coceron as distintas xeracións do piragüismo de Lugo e que en parte, grazas á tradición, afección e categoría desta proba, a cidade foi considerada durante décadas como unha dos berces do piragüismo galego e nacional.

A Copa Miño é unha proba enmarcada na modalidade de descenso de ríos, que consta dun percorrido de 17,5 quilómetros entre as localidades de Rábade e Lugo. Ao longo da proba os padeeiros deben de superar distintas dificultades como o franqueo de caneiros e a navegación por rápidos e correntes.



Dani Castro e Miguel Alvaríño en Guatemala

O primeiro ouro por equipos de arco masculino ten sabor pontés

A selección española composta polos os ponteses Dani Castro e Miguel Alvaríño, ambos do Club Sílex, e o burgalés Pablo Acha, e conseguiu o primeiro ouro por equipos de arco recurvo masculino da historia na Copa del Mundo de Guatemala de tiro con arco na que participou A selección española de tiro con arco participou nesta importante cita internacional na que se impuxeron a USA por 6-1 acadando o ouro.

Comezaron bastante ben a proba, imponéndose nu 0-4, malia o vento fixo que os estadounidenses recortaran esa distancia poñéndose en 2-4, para así, unha flecha de Pablo Acha conseguiu o último 10 que lles deu a victoria.

Comezaron o torneo gañando a Guatemala, para despois enfrontarse a India con serias dificultades, e despois impoñéronse a Francia por 6-2 para chegar á final contra USA.


Cuba non logra clasificarse para Tokio

O vilalbé José Cuba Vázquez, membro do Club de Loita Vilalba, despediuse do seu soño olímpico, despois de caer no seu primeiro combate no torneo preolímpico mundial que se celebra estes días en Sofía (Bulgaria).

Cuba non puido superar ao seu rival na primeira rolda, o representante de Acerbaixán Vakhit Galayev, polo que perdeu todas as opcións de lograr unha praza para Tokio, a cal só conseguen os finalistas do torneo.

Cuba levaba quince anos loitando pola clasificación tras quedar ás portas en Pequín 2008 e Londres 2012.

Por outra banda, os júnior retomaron a competición nos campionatos de España que veñen de celebrarse en Madrid. A sesión saldouse con dous quintos postos para Samuel García, en menos de 65 kg, e Bekbol Ongarov, en menos de 79kg.



José Cuba

Este é o primeiro nacional trala crise sanitaria e os loitadores vilalbeses acudiron á cita con apenas 4 semanas de adestramento polo que pode considerarse un bo inicio tempada.

Agora toca preparar a categoría sénior que terá lugar a finais de maio e no que esperan seguir aumentando a representación da comarca.

Éxito da carreira solidaria virtual Guitiriz Termal

A carreira solidaria Guitiriz Termal, que este ano celebrou o seu duodécimo aniversario, recaudou máis de 1.300 euros para a asociación Somos Unidos por el Cáncer.

Este ano, por mor do coronavirus, a carreira foi tamén virtual e dende o luns 12 e ata onte os participantes tiñan que completar un percorrido de cinco quilómetros de carreira ou sete de andaina.

Así, os participantes puideron rexistrar os seus tempos na páxina web para completar unha clasificación xeral sen trofeos, xa que o obxectivo era solidario e a cuota de participación era de dous euros.


Do total de inscritos, case 200 foron do IES Poeta Díaz Castro, e case 230 alumnos do Ceip Lagostelle tamén colaboraron realizando unha andaina particular ao longo da semana.

Dende a asociación lembran que as familias que o desexen poderán colaborar facendo unha aportación máxima de cinco euros e unha vez completadas as diferentes andainas todo o recaudado ingresarase a Somos Unidos por el Cáncer.

COLABORACIÓN

Corenta anos non son nada ...

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Pero vaia se son, aínda que normalmente referímonos ós vinte no canto dos corenta. Neste caso, vén a conto pola efeméride conmemorada recentemente das catro décadas da promulgación do Estatuto de Autonomía de Galicia. Foi o seis de abril de 1981 cando o xefe do estado rubricou esta norma institucional básica na que se nos recoñecía como unha nacionalidade histórica e outorgaba a cooficialidade para a nosa lingua, ademais de conter os sím-

bolos propios, como a bandeira, escudo e himno.

Previamente a esa data, a cidadanía galega aprobara en referendo dito Estatuto nunha fría xornada de vinte e un de decembro, cunha participación raquítica, xa que nin siquera un tercio do electorado votou na consulta. Mais desta foi, a diferenza do acontecido no trinta e seis; o quince de xullo dese ano, o propio Castelao facía entrega en Madrid da nosa constitución, a cal fora aprobada masivamente polo pobo, que acudira de forma considerable ás urnas. Tres días máis tarde, comezaría a Guerra Civil e aí parou todo. A longa noite de pedra iniciábase coas consecuencias por todos coñecidas e sufridas, uns máis ca outros.

Corenta anos si representan un período notable de tempo na vida comunitaria. Estes días, os medios de comunicación describen a Galicia de hoxe comparada coa de principios dos oitenta. Algúns datos non ofrecen dúbidas: De 55 centros de saúde a case 400; os hospitais quituplicaron o seu número; de haber teléfono no 30 % dos fogares á práctica totalidade; calefacción no 16 % das vivendas por 70 % de hoxe. Poderíamos seguir enunciando melloras substanciais nas infraestruturas, de todo tipo, rede viaria –do tren mellor non falamos-, dotacións culturais, deportivas, educativas, etc. O nivel e calidade de vida do conxunto da poboación aumentou de forma exponencial. Ninguén

pode negalo. E nesta positiva realidade influiu o termos a posibilidade de auto gobernarnos. Sen esa ferramenta, seguiríamos a ser parte do que os madrileños denominaban con maneiras despectivas e altivas “As Provincias” ou “A Periferia”. Non imos entrar en se cumpriría dotármolos de maiores competencias ou incluso dar un paso máis ambicioso, aínda que o debate está aí e non debería esconderse. Un ten claro que o retorno ó anterior centralismo non traería resultados mellores dos que acreditamos na actualidade. Mais ese aumento xeral do benestar que, insistimos, resulta obvio, non pode impedir realizar outras necesarias valoracións. Así, volvendo a vista catro déca-

das atrás, o que coñecemos como a Galicia Rural, sendo tamén beneficiaria dese avance, mudou en aspectos xa non tan exitosos. Aquelas aldeas e parroquias ateadas de cativos e rapaces, a denominada xeración baby boom, transformáronse en lugares cada vez con menos xente, onde os nenos e nenas son unha especie en extinción, a mocidade é escasa e o índice de persoas maiores non deixa de incrementarse. O destino, neste aspecto, semella desolador.

Como será o conto así que pasen outros corenta anos ... Admítense e agradécense repostas e teorías á cuestión plantexada. Ou quizais, pensando nos vindeiros vinte tempos de abondo. Talvez.

Do caso Matesa a vender cervexa

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

No decenio de 1960, España viviu varios procesos de transformación sociolóxica. Entre eles, a transición do viño á cervexa, pasando da tradicional cultura tabernaria propia dos pobos e grandes vilas á cultura de bar característica das cidades. De feito, a produción cervexeira multiplícase por catro no conxunto do Estado: de trescentos corenta millóns de litros en 1960 a mil douscentos millóns en 1970, un incremento por riba da media europea.

El Águila, fundada en 1900 en Madrid, era unha das compañías máis consentidas pola ditadura. Pouca xente sabe que incluso Manuel Fraga Iribarne chegou a ser director xeral desta empresa cando deixou a xefatura do Ministerio de Información e Turismo en 1969 como consecuencia do caso Matesa, que estalou no mes de xullo e foi un dos maiores escándalos do final do franquismo, impactando de cheo no seo do goberno; para moitos historiadores, significou o comezo da fin do réxime. Coincidiu que naquelas datas, ademais, Franco designara oficialmente a Juan Carlos de Borbón como sucesor.

Podemos afirmar sen tapullos que a verdadeira transcendencia do caso foi a súa repercusión política. O ditador, na súa liña habitual, non lle deu moita importancia ao principio, ollando cara a outro lado como de costume. Fraga era, daquela, o principal representante dos azuis, un sector do goberno afín á Falanxe que non quería perder poder, enfrontado internamente cos tecnócratas, vencellados ao Opus Dei, que lograran gañarse a confianza de Franco pola súa participación no deseño do Plan de Estabilización de 1959 e nos posteriores plans de desenvolvemento que fixeron posible a milagre da recuperación económica durante a década prodixiosa.

O “león de Vilalba”, fiel ao seu carácter arroutado e colérico, non dubidou en utilizar ao seu favor os medios de comunicación do Movemento e, ao amparo da Lei de Prensa e Imprenta de 1966 que el mesmo impulsara, permitiu tratar o asunto cunha liberdade que deixou sorprendidos até aos máis adeptos ao réxime, coa finalidade de que o escándalo pasase factura política aos seus opoñentes; pero non calculou ben a xogada e acabou cesado fulminantemente nas súas funcións polo ditador, quen decidiu perdelo de vista durante unha longa tempada, encargándose persoalmente de mandalo a exercer a actividade privada lonxe do Pardo. Ademais de Fraga, que



pasou a traballar en El Águila ate 1973 e logo foi enviado de embaixador a Londres, tamén foi depurado José Solís Ruiz, coñecido popularmente como “O sorriso do réxime”, que ocupaba a Secretaría Xeral do Movemento.

Pouco tempo despois, nunha conferencia pronunciada en 1972 ante a asemblea da Asociación Española de Técnicos de Cervexa e Malta, Manuel Fraga explicaba que o sector da cervexa era o máis industrializado entre todos os das bebidas refrescantes. Experto en operacións propagandísticas, axiña fixo uso das súas influencias e encargouse de “recomendar” sen demora a venda preferente da súa marca ao eido turístico e hostaleiro. O slogan da campaña publicitaria do produto era sinxelo: “Se beben máis”. Contaba o Chavito que un día de agosto de 1971,

pouco antes do nacemento do meu irmán Mario, entrou apresurado na tenda o Arturo do Esquina –que logo rexentaría o bar Submarino– preguntándolle: “Ramón, ti tamén a recibiches?”. Referíase a unha carta remitida dende Madrid e asinada polo director xeral de El Águila, convidando a ofrecer a súa marca de cervexas fronte a outras que se consumían no momento, como Estrella Galicia, San Miguel, Skol ou El Alcázar, esta última fundada en Jaén polos membros da familia Puga, que se establecera en Andalucía a finais do século XIX procedente de Lugo.

Unha vez cesado como ministro de Información e Turismo do goberno franquista, cargo que ocupou entre 1962 e 1969, Fraga recibiu en 1970 unha calorosa homenaxe en Vilalba por parte dos seus acólitos, promovida polo daquela

alcalde Suso Gayoso. Un exemplo patente de culto á personalidade, totalmente excesivo, como o protagonista principal. Para xustificar o acto, decidiron que sería un multitudinario agradecemento da veciñanza pola posta en marcha do Parador de Turismo, inaugurado en 1967 na Torre da Homenaxe do castelo dos Andrade. A consigna era clara e directa: “Mañá non pode quedar ninguén na casa”. Con tal motivo, organizouse un evento masivo de recoñecemento á súa figura, colocando o busto de bronce que aínda hoxe preside os xardíns da Alameda na capital chairega.

Tras a marcha de Manuel Fraga como director xeral de El Águila, o grupo cervexeiro holandés Heineken adquiriu un terzo das accións da compañía. E en 1985 pechou a súa fábrica madrileña na rúa Xeneral Lacy, quedando o edificio sen uso ate a súa posterior remodelación como Biblioteca Rexional Joaquín Leguina. Asemade, comezou un proceso de centralización da produción nas plantas de San Sebastián de los Reyes e de Cuart de Poblet, vendendo algunhas das outras fábricas ou simplemente pechándoas. No ano 2000 fusionouse co grupo Cruzcampo, adquirido na súa totalidade por Heineken. Finalmente, en 2019 a compañía decidiu relanzar, con notable éxito, a marca El Águila, inspirada na receita orixinal.

A importancia dos insectívoros na gandería

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Estamos xa ben adentrados na primavera e xa empezamos a ver moitos (por desgraza menos que antes) dos mellores aliados da gandería e a agricultura e tamén da saúde pública, e eles son os insectívoros. Insectívoro ou tamén entomófago a calquera animal predador de insectos ou as súas larvas, aínda que habitualmente comen tamén outros tipos de invertebrados. En Galicia podemos facer 4 grandes grupos: aves, mamíferos e réptiles e anfíbios. No caso das aves, destacan nestas datas as andoriñas é un ave de campo aberto que normalmente utiliza estruturas construídas polo ser humano para reproducirse e que, constrúe niños en forma de cunca, con boliñas de lama en celeiros e construcións similares, e aliméntase de insectos que atrapa en voo. Estes animais comen ao día tres veces o seu peso en mosquitos

e son, por tanto, o insecticida natural máis efectivo que existe. Aliméntase tipicamente a sete ou oito metros por encima de augas pouco profundas ou do chan, a miúdo seguindo animais, humanos ou maquinaria agrícola para atrapar os insectos escorrentados, pero ocasionalmente captura as súas presas da superficie da auga, paredes ou plantas. As presas soen ser moscas, mosquitos, saltóns, grilos, escaravellos, velaiñas e bolboretas.

O Avión común tamén é outro insectívoro tamén cuns hábitos moi semellantes as andoriñas.

Un ave que merece comentar é o cirro (*Apus apus*) é unha ave da familia. De feito os pes e patas son pouco visibles. A súa semellanza externa coas andoriñas.

Ningunha outra ave pasa tanto tempo no aire coma o cirro. Suponse que poden voar sen pousarse durante anos, e abandonan o voo só para criar. O primeiro voo despois de deixar o niño pode durar xa días. Beben e dormen voando. Poden acadar velocidades de 200 km/h, o que os converte nunha das aves máis rápidas. Mencionámola xa que a muralla de Lugo conta cunha colonia moi

importante de elas.

Nos mamíferos destaca o ourizo cacho e os furafollas, estes animais soen vivir cerca de muros de pedra seca, valados e sebes nas fincas. E tamén os nosos morcegos, que en moitos sitios, son grandes aliados na loita contra os mosquitos como están a facer os viticultores valencianos ou o concello de Coria del Rio para evitar a propagación do Virus do Nilo occidental.

Nos réptiles, tódolos lagartos, escánceres son insectívoros e aliados da horta. E dos anfíbios todos eles aliméntanse de insectos.

O problema é que todos estes aliados do gandeiro e agricultor, ven minguados cada vez máis os seus números debido a varias causas, a primeira é o uso masivo e moitas veces descontrolado de pesticidas, tanto insecticidas, como herbicidas (moitos dos cales levan na corda frouxa, debido a que agora coñecemos os seus efectos nocivos tant pro medio ambiente, como a saúde pública) outra causa é intensificación das terras agrícolas, o terse reducido a cantidade de terras agrícolas (debido a forestación ilegal, que xa lle custou a Galicia máis de 30.000 ha...) e

tamén a perda do mosaicismo agrogandeiro (as concentracións parcelarias, a perda de muros, sebes e valados) e a perda de fragas e carballeiras. O problema é que se acabamos

cos insectívoros pola nosa cobiza económica a curto prazo e a unhas administracións que actúan mais por interese electoral que polo ben de todos, imos ter un problema sanitario e económico.

ELISARDO BARCALA



TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa): 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa: 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADE

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062

Eugenio da Taberna

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Eugenio Castro naceu a primeiros do século pasado na "Casa da Taberna", que está xusto por debaixo da igrexa dos Vilares. Hoxe está abandonada e as silvas de dentro xa saen pola porta para fora, como en tantas outras das nosas aldeas que están envoltas en silvas e feitos como dixo Díaz Castro ao ver, xa daquela, o desleixo dos nosos gobernantes polo rural, que é como lle chaman agora eles. A casa leva ese nome porque fai moitos anos houbo alí unha taberna. Daquela so había dúas na parroquia, a outra estaba situada a uns cincuenta metros dela, na casa indiana que fixeron os irmáns Antón e mais Ricardo cando viñeron da emigración americana.

Criouse nesa casa e sendo moi novo emigrou á Arxentina, pero antes de emigrar deixou gravado o seu nome nunha chanta de pedra granítica que facía de cerre na chousa que tiñan cerca do lugar que chamamos o Porto de Mende, como deixando un recordo para as xeracións futuras, ou... quen sabe! si pensou o mesmo que o emigrante que conta Castelao no Sempre en Galiza, que deixou unha aguillada debaixo dunha rocha, pois afirmaba o rianxeiro que os casteláns cando emigran non pensan en volver e arramplan ata co xergón da cama ao lombo, mentres os galegos temos mais apego á preciosa terra que nos viu nacer e sempre deixamos algo e así ter unha desculpa para volver a ela.

Eu penso que ese debeu ser o motivo, pois cando volveu aos Vilares polos anos sesenta do século pasado, corenta anos despois de irse, o primeiro que fixo foi ir ver as letras que con tanto cariño gravara antes de marchar. Contan que se lembraba dos nomes de todos os veciños da parro-



quia que coñecera antes de embarcar nos muros do Parrote cara un futuro descoñecido e incerto, como dicía Rosalía. Eu non puider coñecelo porque cando veu estaba estudando en Lugo e cando volví a aos Vilares el xa se fora outra vez para Bos Aires, pero, ao contarme meu pai, fun até á chanta e emocionoume ver que as letras estaban á vista e relucentes, porque limpoulles coidadosamente o musgo e a terra que as cubría.

Corenta anos estivera fisicamente na Arxentina, pero a súa mente e o seu corazón estaban na nosa parroquia, nos veciños que deixara e na chanta da súa chousa xunto ás veigas da Tiñaz, ao lado do Porto de Mende, onde uns anos mais tarde meu pai, argalleiro el, acendeu a "Lámpara Marabillosa", pero ese xa é outro conto.

Ultimamente atopábase medio tapada polas silvas e a maleza, pero eu pensaba que era mellor non descubri-la polo medo a que calquera día pasará por alí alguén sen escrúpulos e a levara para adornar o seu chalé, para vendela ou a escachara unha pala escavadora para ensanchar o camiño enterrándoa baixo as rodeiras dos tractores, quedando así no esquecemento tanto amor á terra, e nin sequera poderíamos apreciar a arte e o cariño con que foron gravadas, xa fai tantos anos, aquelas bonitas letras. Cavilaba eu que era mellor deixala alí ata asegurarse

que ía ser posta en valor e expoñela con toda a dignidade que se merece. Para elo pensaba pedir permiso ao actual dono da finca e collela para que pasara a formar parte dun merecido monumento a nosa emigración vilarega que tanto fixo pola parroquia, levantándoo nalgún lugar emblemático e vistoso da nosa parroquia, como podía ser na Costa do Pazo, ao lado do busto de Díaz Castro, tamén emigrante, ou diante da escola habanera da Conchada, na aldea do Laxoso, construída cos cartos que os emigrantes Cubanos de "Los Villares y su comarca" e "Juventud de Villares" mandaron desde Cuba. Pero todo o meu gozo caeu nun pozo ao ver que as miñas predicións leváronse a cabo antes de que me dera tempo a facer o que tiña pensado e si chegara a volver hoxe das Américas levaríase un gran desgusto, pois alguén adiantouseme; non para facer o que eu me propoñía, senón que con outras intencións mais egoístas e mesquiñas fixo desaparecer a chanta, levándoa para a súa casa.

Eugenio da Taberna tivo a sorte de poder cumprir o desexo de ver o seu nome na chanta, pero outros moitos emigrantes non puideron volver a ver o que deixaron na patria porque non puideron retornar nunca mais, e ese é o gran drama secular da nosa emigración. "Ide ver que foi deles", dixo Rosalía.

a elección de...




Rosa Morán
Voceira socialista de Cospeito

un libro



Memorias dun neno labrego de Xosé Neira Vilas

un disco



Aquí me tienes de Arrebato

unha película




La vida es bella

un personaxe histórico




Rosalía de Castro

un lugar para visitar



París

unha afección



Decoración

unha comida



Percebes

unha bebida



Vermut

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com

MESÓN MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

LARILANDIA

Servicio de madrugadores

Actividades y talleres

Tardes de juego

Cumpleaños

620417383

Novo Cazón 12 bajo

Con todas las medidas de COVID y cumpliendo las restricciones vigentes

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A Ponte Vella de Martiñán



Miriam Fernández

Galicia está chea de camiños, algúns moi transitados que nos levan a grandes pobos e urbes e outros máis modestos e tranquilos que nos permiten chegar a aldeas e lugares fermosos enfeitizándonos coa fauna e a flora que os rodea. Tamén existen aqueles camiños históricos, camiños de peregrinación e camiños comerciais, actuando dende fai séculos como vías fundamentais de conexión entre as persoas, o seu modo de vida e a súa espiritualidade.

Como non, falar de camiños lévanos irremediabilmente a falar tamén de pontes, pois é única forma de cruzar as canles de auga que se nos presentan no noso percorrido, unha solución que en moitos casos pasou a ser moito máis que unha simple construción de tipo práctico para revelarse como verdadeira beleza da enxeñería. Este é o caso da Ponte Vella de Martiñán, barrio da parroquia vilalbesa de San Bartolomeu de Corbelle, coñecido polo seu pan e por ser zona de paso tradicional entre o Concello de Vilalba e Abadín. O Camiño de Santiago tamén pasa por Martiñán na súa etapa 33 (20,3km Abadín- Vilalba), enlazando na mesma vía co antigo Camiño Real que unía Mondoñedo e a capital chairega.

A Ponte Vella de Martiñán data do século XVIII e foi construída para



servir de paso sobre o río Batán por Domingo Antonio de Seoane, canteiro de primeira xeración da dinastía dos "Carboeira", afamados artesáns da pedra da parroquia vilalbesa de Román, autor tamén da ponte de Distriz.

En canto á súa estrutura, a ponte consta de tres arcos, dous ergueitos sobre a canle do río, e un terceiro, máis pequeno, nun lateral a xeito de desaugadoiro, permitindo a rápida evacuación a auga e a forte presión que exerce sobre a ponte en época de crecentes. O maior deles é de medio punto lixeiramente apuntado, o central apuntado e mais estreito e o pequeno desaugadoiro de medio punto. Nos dous piares de separación dos arcos que corresponde coa forza da corrente, atopamos dous tallamares triangulares, un deles, o que se sitúa entre o arco apuntado e o desaugadoiro, mais grande e robusto que o seu compañeiro.

A construción da ponte está

baseada na cachotaría, mentres que os bloques macizos de cantería se reservaron para as doelas dos tres arcos e a estrutura do tallamar central. Nesta ponte conservase perfectamente o peitoril que limita o seu ancho e protexe ós viandantes, realizado mediante grandes chantos de granito e nos que se abriron tres pares de canos que permiten verter a auga acumulada no firme empedrado da construción á canle do río. Sobre o peitoril dun dos extremos da ponte existe unha pedra tallada cunha inscrición hoxe en día intelixible e a figura dunha custodia. Podemos chegar a pensar que este relevo foi realizado co desexo de bendicir ó viandante e desexarlle sorte no seu camiñar. A carón da ponte temos unha área para o descanso con mesas que nos invitan a facer un alto no camiño e relaxarnos nese lugar cheo de encanto que ben merece a pena.



Dúas vistas da Ponte



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05